

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 25 de OUTUBRO de 2013**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 25 de outubro de 2013, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 9/13, do 27 de setembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 16.401 á nº 18.800, de 2013.

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

3.-Modificación do obxecto da subvención nominativa concedida ao Concello de Ferrol para financiar o Ciclo de Jazz e substituílo polo Ciclo “A Musica da Ilustración” 2013 e aprobación do correspondente convenio.

4.-Aprobación do convenio de colaboración coa Fundación Paideia Galiza para a promoción musical de bandas, corais e grupos de cámara: “Programa Outra+Outra 2013”.

5.-Concesión nominativa á Sociedade Cultural Medulio para financiar o proxecto análise e difusión de “Cantares gallegos” e aprobación do correspondente convenio.

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade e Normalización Lingüística

6.-Proposta de concesión de subvención nominativa e aprobación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación, o Concello de Cambre e Cruz Vermella Española para financiar o acondicionamento dun local cedido polo concello para actividades da asociación no municipio.

Comisión de Infraestruturas viarias. Vías e Obras Provinciais

7.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2013, 7ª fase, que se detalla: reforzo do firme nas estradas DP 7202, 7301 e DP 4502 (Zona D-2) e reparación de senda peonil DP 1106.

8.- Aprobación provisional da modificación do proxecto incluído no PLAN DE TRAVESÍAS 2007, 2ª FASE integrado, entre outros, polo proxecto que a continuación se relaciona: modificación do proxecto modificado do de travesía na EP 3109 Vilaboa a Peiro por Tarrío pk 0,000 al 3,120 (1ª fase). Culleredo (0511300017.0)

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

9.-Aprobación do incremento da achega fundacional da Deputación da Coruña á Fundación do Recinto Feiral da Coruña (IFECO) e o seu pagamento.

10.-Aprobación da inadmisibilidade do recurso por falta de lexitimación pasiva interposto polo Concello de Noia contra o convenio de creación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES).

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

11.-Ratificación da Resolución da Presidencia nº 18189 do 3/10/2013 de modificación da composición da Mesa de Contratación permanente da Deputación Provincial da Coruña.

12.-Aceptación pola Deputación Provincial da Coruña da encomenda de xestión solicitada polo Concello de Culleredo para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos de empregados públicos, selo e sede electrónica.

13.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Carral para financiar a obra de cerramento e alumeado no campo de fútbol dos Capelos.

14.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Santiso para financiar a obra de camiño Pazo-Xeral (Rairiz) e outros.

15.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Vilasantar para o financiamento da subministración dunha desbravadora.

16.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Ferrol para financiar as obras de urbanización exterior e reformas no centro Torrente Ballester.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

17.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Reparación de camiños, saneamentos e alumeados públicos no Concello de Paderne” do Concello de Paderne, incluída na 2ª fase do “Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos (PAC-2)”. Código 2009.3270.0084.0.

18.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Abastecemento de auga a San Cristóbal” do Concello de Santa Comba, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2011. Código: 11.3300.0239.0.

19.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Reparación e asfaltado dos camiños de acceso a Costa de Égua e outros”, do Concello de Carral, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012. Código: 12.2100.0052.0.

20.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Reparación e mantemento de camiños do termo municipal” do Concello de Monfero, incluída na 1ª fase da anualidade 2012 do plan “DTC94: Unha deputación para todos os concellos”. Código: 2012.3280.0036.0.

21.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Melloras en Santa Cristina” do Concello de Oleiros, incluída na 1ª fase da anualidade 2012 do Plan “DTC94: Unha deputación para todos os concellos”. Código 2012.3280.0037.0.

22.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Mellora e acondicionamento de gabias en 100 quilómetros de estradas nas parroquias do medio rural” do Concello de Santiago, incluída na 4ª fase da anualidade 2012 do Plan “DTC94: Unha deputación para todos os concellos”. Código 2012.3280.0163.0.

23.-Aprobación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014.

24.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ames para o financiamento das obras das bancadas cubertas no campo de fútbol do Milladoiro.

25.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Sada para o financiamento das obras de reparación no pavillón polideportivo de Cantalarrana.

26.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Tordoia para o financiamento das obras de ampliación e mellora da rede de saneamento existente na Tarroeira-Castenda.

27.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Curtis para instrumentalizar a xestión do Centro Etnográfico de Curtis, situado en Teixeiro (Curtis) no marco do “Proxecto Mandeo, posta en valor das concas fluviais 1ª fase Río Mandeo”.

28.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Coirós para instrumentalizar a xestión do “Centro de interpretación da contorna fluvial do Río Mandeo” situado no lugar de Chelo (Coirós), no marco do “Proxecto Mandeo, posta en valor das concas fluviais 1ª fase Río Mandeo”.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

29.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a *Sociedad Hogar gallego para ancianos*, de Bos Aires - Arxentina, para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento do fogar de acollida “residencia Domselaar

30.-Modificación da Ordenanza fiscal xeral.

31.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 2 reguladora da taxa por servizo de publicacións do Boletín Oficial da Provincia.

32.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 3 reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame.

33.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 4 reguladora da taxa por servizos no Polígono Industrial de Sabón.

34.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa por servizos no Conservatorio de Danza.

35.-Modificación da Ordenanza fiscal nº 11 reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais.

36.-Modificación da Ordenanza nº 12 reguladora do prezo público por servizos no centro residencial docente Calvo Sotelo.

37.-Modificación Ordenanza nº 13 reguladora do prezo público por utilización da pista polideportiva.

38.-Modificación Ordenanza nº 14 reguladora do prezo público por utilización do Pazo de Mariñán.

39.-Modificación Ordenanza nº 15 reguladora do prezo público por utilización do IES Calvo Sotelo.

40.-Información remitida a entidades públicas durante o segundo e terceiro trimestre de 2013.

41.-Informe sobre o estado de execución presupostaria a 30.09.2013 e proxección a 31.12.2013.

42.-Modificación das subvencións nominativas recollidas na Base 49ª das de execución do presuposto provincial para o exercicio 2013.

43.-Expediente de modificación de créditos nº 4/2013 de aprobación polo Pleno.

ACTUACIÓN DE CONTROL

-Moción do Bloque Nacionalista Galego para eliminar o copagamento de medicamentos a persoas doentes crónicas non hospitalizadas na sanidade pública.

-Moción do Grupo Provincial Socialista sobre as sancións a pensionistas que perciben a súa pensión de estados estranxeiros.

-Moción do Grupo Popular sobre cambio de data do Pleno de novembro.

ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO
25 DE OUTUBRO DE 2013**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 25 de outubro de 2013, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

| | |
|--|------|
| DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ | PP |
| DON ANTONIO CAÑÁS VARELA | PP |
| DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ | PSOE |
| DON MANUEL COSTA CARNEIRO | PP |
| DON JOSÉ DAFONTE VARELA | PP |
| DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA | PP |
| DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA | PSOE |
| DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ | PP |
| DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA | PSOE |
| DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA | PP |
| DON MARIANO IGLESIAS CASTRO | PSOE |
| DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO | PSOE |
| DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO | PSOE |
| DON CÉSAR LONGO QUEIJO | PSOE |
| DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO | PP |
| DON ANTONIO PENSADO PLÁGARO | PP |
| DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA | BNG |
| DON XOSÉ REGUEIRA VARELA | BNG |
| DON MANUEL RIVAS CARIDAD | PP |
| DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ | PP |
| DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO | PSOE |
| DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN | PP |
| DONA SILVIA SEIXAS NAIA | BNG |
| DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO | BNG |
| DON MANUEL TABOADA VIGO | PP |
| DON RAMÓN TOJO LENS | PP |
| DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE | PSOE |

Escúsase a Sra. Padín Fernández e non asisten os Sres. Muiños Sánchez e Ruiz Rivas.

Actúa como secretario, don José Luis Almu Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 9/13, DO 27 DE SETEMBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 9/13, do 27 de setembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 16.401 Á Nº 18.800, DE 2013.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 16.401 á nº 18.800, de 2013.

3.-MODIFICACIÓN DO OBXECTO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA AO CONCELLO DE FERROL PARA FINANCIAR O CICLO DE JAZZ E SUBSTITUÍLO POLO CICLO “A MUSICA DA ILUSTRACIÓN” 2013 E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a modificación do obxecto da subvención nominativa concedida ao Concello de Ferrol para o financiamento do Ciclo de Jazz, de xeito que a subvención, por importe de 28.000 € se destina a financiar o *Ciclo “A Música da Ilustración” 2013*.

2.- Aprobar o convenio co Concello de Ferrol correspondente á subvención nominativa, por importe de 28.000 €, concedida para financiar o *Ciclo “A Música da Ilustración” 2013*, cun orzamento subvencionado de 36.400 €, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o *Ciclo “A Música da Ilustración” 2013*

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

D. José Manuel Ree Varela, alcalde-presidente do Concello de Ferrol, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen, coa capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- A Deputación Provincial e o Concello de Ferrol exercen competencias en materia de promoción de actividades culturais e teñen a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento das fins dispostas na normativa vixente.

2.- O Concello de Ferrol, a través da Concellaría da Cultura organiza o ciclo de concertos “A Música na Ilustración” coa idea de difundir a música dunha época moi importante para a cidade. Neste ciclo escoitaranse obras dos compositores máis relevantes do século XVIII.

3.- En virtude do disposto no art. 118. d) da Lei 5/97 que lle outorga competencias para a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento da cultura na provincia, e como complemento á programación de actuacións musicais que desenvolve con carácter anual, a Deputación provincial está interesada en colaborar coas actividades sinaladas.

4.- En función das consideracións anteriores, o Concello de Ferrol e a Deputación da Coruña acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol (CIF: P1503700E) para financiar o **Ciclo “A Música da Ilustración” 2013.**

Este ciclo ten lugar no Teatro Jofre, ao longo de todo o ano, coas seguintes actuacións:

* 16 de maio: *Orquesta Filarmónica Ibérica.*

* 9 de xuño: *Favio Parada Rodríguez (piano).*

* 14 de xuño: *Orquesta de Cámara Gallega.*

* 13 de setembro: *Zoar Ensemble.*

* 4 de outubro (provisional): *Orquesta “Música Acordada”.*

* 6 de outubro: *Orquesta Gaos.*

* 15 de novembro: *Orquesta Filharmónica Cidade de Pontevedra.*

2.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Ferrol.

O Concello de Ferrol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| | |
|----------------------------------|---------|
| Orquesta Filarmónica Ibérica | 8.500.- |
| Favio Parada Rodríguez | 1.500.- |
| Orquesta de Cámara Galega | 5.000.- |
| Zoar Ensemble | 3.500.- |
| Orquesta "Música Acordada" | 2.000.- |
| Orquesta Gaos | 5.000.- |
| Orquesta F. Cidade de Pontevedra | 5.000.- |
| Aluguer clave | 300.- |
| Concerto inaugural Premio Piano | 3.100.- |
| Dípticos | 2.500.- |
| Total | |

36.400 € (IVE incluído)

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **28.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **76,92 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 76,92 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello de Ferrol o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Ferrol axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.-O Concello de Ferrol comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do *Ciclo "A Música da Ilustración"* e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ferrol.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Ferrol do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (76,92 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: identificación dos adxudicatarios, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe do 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Ferrol terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitíralle

un requirimento ao Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello de Ferrol deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ferrol serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude do Concello de Ferrol, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Ferrol.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento”.

4.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA A PROMOCIÓN MUSICAL DE BANDAS, CORAIS E GRUPOS DE CÁMARA: “PROGRAMA OUTRA+OUTRA 2013”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio coa Fundación Paideia Galiza correspondente á subvención nominativa, por importe de **20.000 €**, concedida para promoción musical de bandas, corais e grupos de cámara: *“Programa Outra+Outra 2013”*, cun orzamento subvencionado de 26.408 €, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza para promoción musical de bandas, corais e grupos de cámara: “Programa Outra+Outra 2013”.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

Dona Sandra Ortega Mera, presidenta da Fundación Paideia Galiza.

EXPOÑEN

1.- Que ambas as dúas entidades teñen unha especial sensibilidade para a realización de actividades que contribúan ao desenvolvemento cultural de Galicia.

2.- Que a Deputación Provincial da Coruña, de conformidade cos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, que establece como competencia propia das deputacións o fomento dos intereses peculiares da provincia, e a organización de actividades que teñan por obxecto o fomento en materia de cultura, ten un programa de actuacións musicais e teatrais para grupos artísticos da provincia, orientado ao fomento da cultura nese campo.

3.- Que a Fundación Paideia Galiza, constituída como entidade sen ánimo de lucro, e recoñecida de interese galego, ten entre os seus obxectivos fundacionais a promoción e a realización de actividades de interese educativo, cultural e outras de análogo interese humano e social.

Así mesmo, na actualidade leva a xestión do proxecto "Mans", un Centro de Iniciativas Empresariais que se sitúa no Polígono de POCOMACO, para potenciar a cultura empresarial innovadora na provincia da Coruña, favorecendo actividades como a audiovisual ou a de creación musical.

4.- Que a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza consideran que as programacións de ambas as dúas entidades, neste ámbito, son complementarias polo que, coa finalidade de potenciar as iniciativas que axuden á promoción das actividades musicais, acordan establecer un convenio de colaboración

dirixido a fomentar o desenvolvemento estratéxico do sector da música e apoiar as formacións musicais; o convenio rexerese pola seguintes.

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza (NIF: G15798655) para a promoción da actividade musical mediante o cofinanciamento dun programa de gravacións dirixido ás bandas, corais, grupos de cámara e agrupacións musicais da provincia, incluídas na Rede Cultural da Deputación denominado “**Outra + Outra 2013**” consistente en:

* Gravación dun CD de cada unha das 6 agrupacións seleccionadas e edición de 1.030 unidades de cada CD.

* Gravación dun CD compilatorio cun tema de cada agrupación seleccionada e edición de 1.000 unidades deste CD.

O programa obxecto do presente convenio desenvolverase de acordo coas seguintes fases:

1ª fase: As agrupacións musicais solicitarán a participación neste proxecto, facendo constar expresamente o seu compromiso de asumir a porcentaxe do custo total que lles corresponde.

Será condición para poder participar neste proxecto que a agrupación estea incluída na Rede Cultural da Deputación no ano 2013.

2ª fase: Comprobadas as solicitudes pola comisión mixta, esta seleccionará as nove que considere máis axeitadas, de acordo cos seguintes criterios:

1. Interese do currículo do grupo.
2. Antigüidade do grupo.
3. Características que se adapten ao tipo de servizo de gravación que se oferta.

3ª fase: Despois de finalizar a gravación e de tramitar o depósito legal, a Fundación Paideia Galiza fará entrega de 1.000 copias do CD a cada agrupación musical.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Paideia Galiza desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| | |
|---|---------|
| Gastos de persoal | |
| Persoal técnico-asistente técnico gravación | 9.900.- |
| Persoal de loxística e administración | 4.000.- |
| Gastos operativos | |
| Deseño e creación do catálogo | 360.- |
| Técnico gravación e mestura CD | 3.798.- |

| | |
|----------------------------------|-------------------|
| Fabricación e edición CD | 4.320.- |
| Deseño e creación CD | 1.380.- |
| Servizo de comida nas gravacións | 400.- |
| Afinador do piano | 150.- |
| Correos, mensaxería | 50.- |
| Edición CD compilatorio | 2.050.- |
| Total | 26.408.- € |

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **75,73 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos; o restante 24,27 % será subministrado directamente á Fundación Paideia Galiza por cada grupo, na maneira que nos contratos que se subscriban entre a Fundación e cada un dos grupos, se estipule.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 75,73 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación non será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

IV.- Obrigas das partes.

1.- Obrigas da Deputación da Coruña:

* Realizar a difusión do programa.

* Formar parte da comisión que se constituirá para a selección das agrupacións que poidan resultar beneficiarias das axudas provenientes deste convenio de colaboración.

* Achegar o importe correspondente ao 75,73 % do orzamento de gastos que figura na cláusula segunda.

2.- Obrigas da Fundación Paideia Galiza:

- * Recibir as solicitudes das agrupacións musicais para participar no programa.
- * Formar parte da comisión que se constituirá para a selección das agrupacións que poidan resultar beneficiarias das axudas provenientes deste convenio de colaboración.
- * Proporcionar a cada unha das seis agrupacións musicais seleccionadas unha sala de gravación no CIE "Mans" durante un día.
- * Realizar a edición, mestura e masterización, en sistema de gravación a disco duro ProTools HD3.
- * Poñer a disposición das agrupacións musicais un piano, encargándose da súa afinación.
- * Poñer a disposición das agrupacións musicais un servizo de comidas.
- * Tramitar a documentación administrativa necesaria e a esixida pola lexislación da propiedade intelectual, en concreto a tramitación do depósito legal e a xestión dos dereitos correspondentes diante da SGAE (incluído o aboamento de tarifas).
- * Realizar o deseño gráfico dos CD, e o seguimento da fotomecánica.
- * Xestionar a marca discográfica e a de fábrica.
- * Entregar a cada agrupación musical 1.000 copias do seu CD e 30 do CD compilatorio.
- * Entregar á Deputación provincial 25 copias de cada CD das agrupacións e 100 copias do CD compilatorio.
- * Entregar 3 copias de cada CD gravado ao Depósito Legal.
- * Dispoñer de 2 copias de cada CD gravado para os efectos de arquivo.

V.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia Galiza.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Paideia Galiza, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha

delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

VI.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Paideia Galiza.

VII.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Paideia Galiza unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia Galiza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula novena.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega dos documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VIII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo cuarta.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Paideia Galiza deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sétima no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia Galiza para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Paideia Galiza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia Galiza.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Paideia Galiza terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

IX.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación Paideia Galiza deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

X.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación Paideia Galiza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio

que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Paideia Galiza deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

XI.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Paideia Galiza poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XII.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción

imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XIII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIV.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude da Fundación Paideia Galiza, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

5.-CONCESIÓN NOMINATIVA Á SOCIEDADE CULTURAL MEDULIO PARA FINANCIAR O PROXECTO ANÁLISE E DIFUSIÓN DE “CANTARES GALLEGOS” E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Conceder á Sociedade Cultural Medulio unha subvención nominativa, por importe de **40.000 €**, concedida para financiar o proxecto *Análise e difusión de “Cantares Gallegos”*, cun orzamento subvencionado de 40.000 €.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Cultural Medulio para financiar o proxecto *Análise e difusión de “Cantares Gallegos”*

A Coruña,

REÚNENSE

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

Dña. Elia Rico Lagarón, presidenta da Sociedade Cultural Medulio

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e na defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, e cos arts. 2º e 6º.3, da Lei 3/83, de normalización lingüística, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego, e moi especialmente coa súa lingua e literatura.

2.- A Sociedade Cultural Medulio foi fundada no ano 1979, arredor das letras galegas, co obxectivo de promoción e defensa da cultura galega, na perspectiva da súa normalización.

As súas actividades vertébranse en torno á defensa do noso idioma, da nosa cultura e da nosa identidade como pobo.

3.- A Sociedade Cultural Medulio ten entre as súas actividades a recuperación das festas tradicionais como o entroido e o magosto; a programación en torno a figuras de referencia na nosa cultura: Castelao, Carvalho Calero, Rosalía, Curros, etc; a organización de premios de ensaio e creación literaria, en colaboración co Concello de Ferrol; a organización de xornadas sobre a historia de Galicia; estudos sobre a descuberta do patrimonio nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal; o mantemento dun coro e un grupo de teatro.

4.- No ano do 150 aniversario da publicación de “Cantares Gallegos”, a Sociedade Cultural Medulio, que xa no ano 2010 programou un ciclo sobre Rosalía, quere facer unha aproximación á figura de Rosalía no seu contexto e nas súas relacións con diferentes personalidades da cultura e da ciencia, no momento que ela viviu en Galicia.

O obxectivo do proxecto é presentar ao público actual, a través da prensa e medios audiovisuais, o proceso e o contexto no que se xerou, hai cento cincuenta anos, a obra inaugural da literatura galega moderna.

5.- A Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Cultural Medulio coinciden no seu común interese de realizar proxectos culturais orientados ás fins arriba sinaladas polo que acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Cultural Medulio (NIF: G15037690) para financiar o proxecto **Análise e difusión de “Cantares Gallegos”**.

Este proxecto inclúe as seguintes actividades:

* Mesas redondas.- Organizarase un ciclo que relacione a Rosalía e a súa obra con persoas do seu tempo de Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela e Padrón, que foron referentes importantes da ciencia, da literatura e da cultura, en xeral, no só no ámbito local, senón, tamén, en espazos nacionais e internacionais.

Cada unha destas mesas será gravada, editada e publicada.

* Publicación en prensa.- Publicarase, nun medio escrito en galego e de distribución en toda a Comunidade, un caderniño de oito páxinas analizando a obra de Rosalía dende unha perspectiva actual. Ademais procederase á publicación, durante 23 números, no ano 2013, de textos de ou sobre Rosalía.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Sociedade Cultural Medulio desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| | |
|--|-----------------|
| Honorarios participantes nas mesas redondas | 2.000.- |
| Gravación e edición das mesas redondas | 7.000.- |
| Elaboración e publicación do caderniño | 5.000.- |
| Publicación dunha páxina semanal en 23 números | 23.000.- |
| Dípticos e carteis | 1.000.- |
| Material, convites, publicidade | 2.000.- |
| Total gastos | 40.000 € |

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **40.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **100 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é incompatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Sociedade Cultural Medulio pódese obter para a mesma finalidade.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Sociedade Cultural Medulio.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Sociedade Cultural Medulio, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Sociedade Cultural Medulio deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Sociedade Cultural Medulio.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Sociedade Cultural Medulio unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita pola representante legal da Sociedade Cultural Medulio, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Sociedade Cultural Medulio deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Sociedade Cultural Medulio para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Sociedade Cultural Medulio da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Sociedade Cultural Medulio na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Sociedade Cultural Medulio terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Sociedade Cultural Medulio deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade

Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Sociedade Cultural Medulio destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Sociedade Cultural Medulio deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Sociedade Cultural Medulio poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Sociedade Cultural Medulio queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Sociedade Cultural Medulio serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Sociedade Cultural Medulio será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura e terá efectos retroactivos, xa que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude da Sociedade Cultural Medulio, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da

Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento”.

6.-PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA E APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN, O CONCELLO DE CAMBRE E CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA FINANCIAR O ACONDICIONAMENTO DUN LOCAL CEDIDO POLO CONCELLO PARA ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN NO MUNICIPIO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a concesión da subvención e a formalización do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña, o Concello de Cambre e a entidade Cruz Vermella Española, CIF Q 2866001G, para o financiamento da obra de acondicionamento de local cedido polo Concello de Cambre, situado na praza Amador e Daniel núm. 24, Urbanización A Barcala, do dito concello e cunha achega da Deputación de 45.000,00 euros, que supón o 74,22% do gasto, e do Concello de Cambre de 15.633,00 euros que supón o 25,78%, sendo o total do gasto que se ha subvencionar de 60.633,00 euros, e que se aboará de conformidade coa cláusula VI e VII do texto do convenio, sendo a achega da Deputación con cargo á partida 0701/231G/781 do vixente orzamento.

O convenio terá efectos retroactivos ao 31 xullo 2013 e estará vixente ata o 30 xuño 2014

Aprobar o texto do convenio de colaboración que ten o contido seguinte:

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA O CONCELLO DE CAMBRE E CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA, CIF Q-2866001G PARA COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DUN LOCAL CEDIDO POLO CONCELLO PARA IMPLANTAR AS ACTIVIDADES SOCIAIS PROPIAS DA ASOCIACIÓN E DESENVOLVELAS CONFORME AS NECESIDADES CONCRETAS DO CONCELLO E DOS PROGRAMAS MUNICIPAIS

A Coruña,

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Manuel Rivas Caridad, Alcalde do Concello de Cambre.

D. presidenta/e da ENTIDADE.....

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

A Deputación Provincial da Coruña ten entre as súas competencias conforme á Lei 7/85 de bases de réxime local e a Lei 5/97 de admón. local de Galicia o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia e conforme á Lei de servizos sociais 13/2008, art. 60, o apoio xurídico económico e técnico aos concellos.

O Concello de Cambre é competente conforme ao disposto no art. 25. 2 K) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para a prestación dos servizos sociais e reinserción social.

A entidade CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA, conforme ao art. 2 dos seus estatutos, ten como fins entre outros, o fomento e participación en programas de saúde, a promoción e colaboración en accións de solidariedade e benestar social en xeral, e servizos asistenciais e sociais con especial atención a persoas con dificultade para a integración social

Dado os intereses coincidente entre as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña, o Concello de Cambre e a CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA, CIF Q- 2866001G, para o cofinanciamento da obra de acondicionamento dun local cedido polo Concello de Cambre, situado na Praza Amador e Daniel núm. 24, Urbanización A Barcala e coa finalidade de implantar no Concello de Cambre as actividades sociais que lle son propias e desenvolver as ditas actividades conforme as necesidades concretas do concello e dos programas municipais, tal como aparece definida a dita obra no proxecto técnico redactado por Don José Ramón Díaz

Barbeito, arquitecto municipal colexiado/a nº 858 obra que conta coa licenza municipal correspondente e coas autorizacións necesarias.

3- A obra e o equipamento están perfectamente definidos nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto. Está acreditada a dispoñibilidade dos locais na superficie de 147,11 metros cadrados, que foron cedidos polo Concello de Cambre, polo tempo de quince anos, que poderán ser prorrogados.

A **ENTIDADE BENEFICIARIA CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA**, comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista, e conforme ao acordo de cesión realizada polo pleno do Concello de Cambre do 23 de febreiro 2012, de non efectuarse a devandita obra ou non destinala á fin prevista, ou por razóns de interese xeral, procederá a reversión dos bens cedidos con todas as súas pertenzas e accesións.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M: _____

| | |
|------------------------------|-------------------------|
| 1 ACTUACIÓNS PREVIAS..... | 195,14. |
| 2. ALBANELARÍA..... | 11.475,50. |
| 3. SOLADOS E ALICATADOS..... | 7.684,58. |
| 4.CARPINTERIAS..... | 14.704,96. |
| 5. INSTALACIÓNS..... | 4.175,09. |
| 6. PINTURAS..... | 3.245,84. |
| Total P.E.M..... | 41.481,11 euros. |

| | |
|--|--------------------------|
| GASTOS XERAIS _____ | 5.392,54 € |
| BENEFICIO INDUSTRIAL _____ | 2,488,87 € |
| SEGURIDADE E SAÚDE | 300,00 €. |
| CONTROL..... | 300,00 €. |
| RESIDUOS..... | 147,39 €. |
| IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADID | 21% 10.523,09 €. |
| PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN DE CONTRATA | 60.633,00 € euros |

O orzamento que se ha subvencionar ascende a 60.633,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

As administracións públicas asinantes do presente convenio outorgan as seguintes subvencións:

1.-A Deputación da Coruña financiará o orzamento que ascende a 60.633,00 euros tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 45.000,00 €, da Deputación Provincial da Coruña, o que representa unha porcentaxe do 74,22% .

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231G/781 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

2.- O Concello de Cambre, financiará o dito orzamento, na contía restante de 15.633,00 euros que supón o 25,78%% do importe total do orzamento de contrata.

O concello acredita que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade da achega comprometida con cargo á aplicación orzamentaria 2013/231780 denominada "Subvención Cruz Vermella Española", do orzamento vixente.

3.- No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 74,22% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.-Igualmente o Concello de Cambre só achegará o importe que represente o 25,78% da cantidade efectivamente xustificada, conforme ao disposto na cláusula III-2 deste convenio.

O concello ademais de ter feita a cesión dos locais, segundo o acordo adoptado no Pleno do 23 de febreiro 2012 colabora da seguinte maneira:

a) mediante a redacción do proxecto da obra a realizar denominado "condicionamento do local para a Cruz Vermella".

b) mediante a concesión da licenza de obra.

c) coa dirección de obra que levará a cabo o técnico municipal, polos motivos indicados no citado acordo do pleno do concello de Cambre de data 23 febreiro 2012.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial e polo intervención do concello de Cambre.

Con respecto ás anualidades futuras advírteselle á ENTIDADE CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación dos orzamentos das entidades asinantes para o dito ano, e a que exista nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial e a do Concello de Cambre, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial e municipal, no importe correspondente, para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN E SEGUIMENTO DO CONVENIO

1. Na condición de promotor, corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No caso de que conforme ao convenio, a Comisión de Seguimento tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirse á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- SEGUIMENTO DO CONVENIO

Para o mellor seguimento do cumprimento do convenio, constituirase unha comisión mixta paritaria integrada pola Presidencia da Deputación, o alcalde-presidente do Concello e a Presidencia da Cruz Vermella española, ou as persoas que designen no seu nome, deberán reunirse cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán a interpretación do convenio, a proposta de addendas, se é o caso, a coordinación entre as administracións, e calquera outra relacionada co desenvolvemento do convenio.

VI.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel no exterior do local, e que sexa ben visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación Provincial da Coruña e o do concello de Cambre, e o importe das subvencións concedidas, e comprometeranse a facer mención das axudas na súa memoria anual correspondente.

2. Coa presentación das xustificacións, deberase comunicar á Deputación da Coruña, o remate da obra, para que se así o estima, a entidade coloque unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da obra e do financiamento público. O texto estará redactado en galego.

VII- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN E LIBRAMENTO DOS FONDOS.

a) Percepción da achega da Deputación:

1. **A achega da Deputación** seralle aboada á **ENTIDADE BENEFICIARIA** a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):
 - Certificación de obra subscripta polo técnico-director e polo contratista
 - Facturas expedidas polo contratista ou se é o caso polo subministrador dos equipamentos. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
 - Certificación de aprobación das facturas polo órgano competente da entidade beneficiaria.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula novena.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
2. Así mesmo, coa derradeira certificación de obra, deberase subministrar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso do cartel, así como da comunicación para a colocación da placa se a Deputación o estima oportuno) e do acordo da entidade, no que se deixe constancia do compromiso da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

b) **A percepción da achega do concello de Cambre** realizarase unha vez finalizadas as obras logo da presentación no concello, por CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA da seguinte documentación xustificativa do cumprimento da finalidade da subvención:

- Memoria explicativa do investimento realizado, que incluírá a certificación de obra na que se detallan, entre outros, as unidades de obra executadas e os prezos unitarios aplicables, e unha memoria fotográfica do investimento realizado.

-Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou ben ou declaración de que non as ten.

-Relación clasificada dos gastos reais da actividade, con identificación do acredor e, do documento, do importe, da data de emisión, e coas facturas orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas, por importe cando menos da contribución do concello de Cambre.

-Autorización para recadar datos da Axencia Tributaria de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias.

-Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social.

-Certificación dun número de conta corrente de titularidade da entidade Cruz Vermella Española con NIF Q-2866001-G, onde se efectuará o ingreso da subvención.

VIII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO CUARTA.

2. Unha vez rematadas as obras, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira, é dicir antes do 30 de marzo do 2014.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á **ENTIDADE BENEFICIARIA** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **ENTIDADE BENEFICIARIA** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **ENTIDADE BENEFICIARIA** na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

IX.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

X.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

XI.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.
2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XII.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XIII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 31 de xullo de 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de xuño de 2014**.

2.Para o caso de que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 1 de marzo de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, e a Deputación e o Concello de Cambre, poidan acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano 2014. A esta data, o convenio quedará

definitivamente extinguido, de xeito que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes, oída a Comisión de Seguimento, e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2013, 7ª FASE, QUE SE DETALLA: REFORZO DO FIRME NAS ESTRADAS DP 7202, 7301 E DP 4502 (ZONA D-2) E REPARACIÓN DE SENDA PEONIL DP 1106.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1)Aprobar o Plan de CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2013 7ª FASE cun orzamento total de 204.173,91 euros, con cargo á aplicación 0401/453A/61900 que se detalla.

| CODIGO | ORZAMENTO | DENOMINACION | CONCELLOO |
|--------------|------------|---|-----------|
| 1311000043.0 | 204.173,91 | REFORZO DE FIRME NAS ESTRADAS DP 7202, 7301 E DP 4502 (ZONA D-2) E REPARACION DE SENDA PEONIL DP 1106 | PROVINCIA |

2)Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

8.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO INCLUÍDO NO PLAN DE TRAVESÍAS 2007, 2ª FASE INTEGRADO, ENTRE OUTROS, POLO PROXECTO QUE A CONTINUACIÓN SE RELACIONA: MODIFICACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO DE TRAVESÍA NA EP 3109 VILABOA A PEIRO POR TARRÍO PK 0,000 AL 3,120 (1ª FASE). CULLEREDO (0511300017.0)

1) Aprobar provisionalmente a modificación do proxecto incluído no PLAN DE TRAVESIAS 2007, 2ª FASE integrado, entre outros, polo proxecto que a continuación se relaciona:

| DENOMINACIÓN | ORZAMENTO |
|--|------------|
| MODIFICACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO DE TRAVESÍA NA EP 3109 VILABOA A PEIRO POR TARRIO PK 0,000 Ao 3,120 (1ª FASE). CULLEREDO (0511300017.0) | 855.202,23 |

2) Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

9.-APROBACIÓN DO INCREMENTO DA ACHEGA FUNDACIONAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA Á FUNDACIÓN DO RECINTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) E O SEU PAGAMENTO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Aprobar a incremento da achega fundacional da Deputación á Fundación Instituto Feiral de A Coruña IFECO, polo importe de 70.000 de acordo co previsto nos acordos plenarios da Deputación de datas 26.03.04 e 27.11.2007, nos estatutos da Fundación Feiral da Coruña, e no acordo de solicitude formulado pola Fundación do 30 de xullo de 2012.

2.- O importe total a que ascende a achega provincial aprobada no presente acordo ascende a 70.000 euros.

3.- Co incremento na cantidade de 70.000,00 euros da achega fundacional da Deputación a súa porcentaxe respecto do total de achegas fundacionais queda establecida nas seguintes porcentaxes calculadas respecto das achegas fundacionais desembolsadas a 31 de decembro de 2012 e unha vez sexa desembolsada a achega da Deputación.

| ACHEGAS FUNDACIONAIS DESEMBOLSADAS AO 31/12/2012 | ACHEGAS FUNDACIONAIS DESPOIS DO DESEMBOLSO PREVISTO POLA DEPUTACIÓN (70.000,00 €) | PATRONO |
|--|---|----------------------|
| 8.355.180,26 € | 8.425.180,26 € (20,528 %) | Deputación da Coruña |

4.- O pago poderá realizarse con cargo á partida 0305/422B/870.00 do vixente presuposto por importe de 70.000 €.

10.-APROBACIÓN DA INADMISIBILIDADE DO RECURSO POR FALTA DE LEXITIMACIÓN PASIVA INTERPOSTO POLO CONCELLO DE NOIA CONTRA O CONVENIO DE CREACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS (GES).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Examinado o informe emitido por Promoción Económica en relación co recurso de reposición formulado por D. Rafael García Guerrero, alcalde-presidente do Concello de Noia, en nome e representación deste, contra o convenio que está a promover a creación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES):

1.- Decretar a inadmisibilidade do recurso por non ser a Deputación Provincial da Coruña a administración que ten atribuída a competencia para incoar, tramitar e resolver o expediente a que vai referido, isto é, o convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais.

Todo isto en virtude do establecido nos artigos 20 da Lei 30/1992, do 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e 21 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de xurisdición contencioso administrativa.

2.- As atribucións competenciais a que debe ser referido o expediente veñen establecidas nas seguintes disposicións:

A) Para a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza conforme ao disposto no Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 7/2011, do 20 de xaneiro de estrutura da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas, como o departamento encargado de xestionar as competencias que en materia de protección civil e emerxencias ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, e mais especificamente a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior encadrada na súa estrutura.

B) Pola súa banda a Consellería do Medio Rural e do Mar, conforme o disposto no Decreto 46/2012, do 31 de maio, modificado polo Decreto 131/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais.”

11.-RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 18189 DO 3/10/2013 DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Ratificar a Resolución da Presidencia nº 18189 con data do 3 de outubro de 2013, pola que se designa a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña cuxo texto se transcribe literalmente:

“1º) Modificar a Resolución da Presidencia nº 15036 do 12 de agosto de 2011, pola que se designa a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos procedementos de contratación abertos e restrinxidos e os procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 177.1 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, (ratificada polo Pleno en sesión plenaria ordinaria do 16 de setembro de 2011), no sentido de substituír o xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación, D. Luís Jaime Rodríguez Fernández pola xefa do Servizo de Contratación, Dª Patricia Rodríguez Franco, de modo que a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña, queda integrada polas seguintes persoas:

| | TITULARES | SUPLENTES |
|-------------------------------------|--|---|
| PRESIDENTE | Deputado provincial (Grupo Popular) D. Antonio Cañas Varela | Deputada provincial (Grupo Popular) Mª Elvira Padín Fernández |
| VOGAIS | Secretario Xeral (con funcións de asesoramento xurídico) D. José Luis Almau Supervía | Oficial Maior Dª Mª Amparo C. Taboada Gil |
| | Interventor xeral D. José Manuel Pardellas Rivera | Interventor adxunto D. Juan Bautista Suárez Ramos |
| | Xefa do Servizo de Contratación Dª Patricia Rodríguez Franco | Xefa de Sección de Contratación Dª María José Lauda Pan |
| ASISTENTES CON VOZ E SEN VOTO | En representación do Grupo Socialista D. Jesús Salvador Fernández Moreda | Deputada provincial Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo |
| | En representación do Grupo Bloque Nacionalista Galego D. Xesús Manuel Soto Vivero | Deputada provincial Dª Silvia Seixas Naia |
| SECRETARIA CON VOZ E SEN VOTO | Oficial Maior Dª Mª Amparo C. Taboada Gil | Xefa do Servizo de Contratación Dª Patricia Rodríguez Franco |

2º) Dispor a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 21.4 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.”

12.-ACEPTACIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DA ENCOMENDA DE XESTIÓN SOLICITADA POLO CONCELLO DE CULLEREDO PARA TRAMITAR AS SOLICITUDES DE CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS DE EMPREGADOS PÚBLICOS, SELO E SEDE ELECTRÓNICA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aceptar a encomenda de xestión solicitada polo Concello de Culleredo para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos de empregados públicos, selos e sede electrónica.

2º.- Facultar ao presidente para a formalización do presente convenio.”

13.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE CARRAL PARA FINANCIAR A OBRA DE CERRAMENTO E ALUMEADO NO CAMPO DE FÚTBOL DOS CAPELOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do obxecto da subvención nominativa aprobada por acordo plenario do 25 de novembro de 2011 no expediente de modificación de créditos 4/2011, no sentido de que o obxecto subvencionable será a REALIZACIÓN DA OBRA DE CERRAMENTO E ALUMEADO DO CAMPO DE FUTBOL DOS CAPELOS cun orzamento de 112.862,17 euros e unha achega provincial de 112.862,17 euros, o que supón un coeficiente de financiamento do 100 % con cargo á aplicación orzamentaria 0202/342A/76201

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARRAL PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DA OBRA DE CERRAMENTO E ALUMEADO NO CAMPO DE FUTBOL DOS CAPELOS

A Coruña, ___de _____de 2013 na sede da Deputación Provincial da Coruña

Dunha parte o. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Alcalde Presidente do Concello de Carral, D. José Luis Fernández Mouriño,

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de CARRAL ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de CARRAL con CIF P1502100I para o financiamento da obra de CERRAMENTO E ALUMEADO NO CAMPO DE FUTBOL DOS CAPELOS, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por DONA ANA MARÍA CRUZ CARRO, (ENXEÑEIRA TÉCNICA INDUSTRIAL), colexiado/a N°2026

2- O Concello de CARRAL, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de CARRAL, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, se detalla do seguinte xeito:

| | |
|--------------------------------------|-------------------|
| P. E.M: | 78.381,95 |
| GASTOS XERAIS | 10.189,65 |
| BENEFICIO INDUSTRIAL | 4.702,92 |
| IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO | 19.587,65 |
| PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA | 112.862,17 |

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **112.862,17 €**, o que representa unha porcentaxe de 100,00%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/342A/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de CARRAL que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de CARRAL o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de CARRAL axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de CARRAL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de CARRAL estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible al menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2013, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de CARRAL pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de CARRAL, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de CARRAL** na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Concello de CARRAL** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de CARRAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de CARRAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de CARRAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O Concello de CARRAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O Concello de CARRAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de CARRAL poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de CARRAL queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, o 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E **se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes**, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chegase a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do difeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación desta serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de CARRAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2014**

2. Para o caso de que o Concello de CARRAL non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de CARRAL perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de CARRAL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CARRAL

DIEGO CALVO POUZO

JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO”

14.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE SANTISO PARA FINANCIAR A OBRA DE CAMIÑO PAZO-XERAL (RAIRIZ) E OUTROS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Santiso para financiar as obras incluídas no proxecto de CAMIÑO PAZO-XERAL (RAIRIZ) cunha achega de 40.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 79,11%) sobre un orzamento subvencionable de 50.564,41 euro, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/454A/762.01

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTISO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE CAMIÑO PAZO-XERAL (RAIRIZ) E OUTROS

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de SANTISO, D. Manuel Adán López

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de SANTISO ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de SANTISO con CIF P1508000E para o financiamento da obra de **CAMIÑO PAZO-XERAL (RAIRIZ) E OUTROS**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por JULIO C. ROJO MARTÍNEZ

2.O Concello de SANTISO, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de SANTISO, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

| | | |
|--------------------------------------|-------|-----------------|
| P. E.M: | _____ | 35.116,61 euros |
| Gastos xerais 13,00% | _____ | 4.565,16 euros |
| Beneficio Industrial 6,00 % | _____ | 2.107,00 euros |
| IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO | _____ | 8.775,64 euros |
| PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA | _____ | 50.564,41 euros |

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **40.000 euros** o que representa unha porcentaxe de 79,11%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,11% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/454A/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de SANTISO de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de SANTISO o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de SANTISO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de SANTISO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegará con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de SANTISO estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible al menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de SANTISO pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de SANTISO, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de SANTISO** na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Concello de SANTISO** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de SANTISO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de SANTISO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de SANTISO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de SANTISO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das

obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de SANTISO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de SANTISO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ao Concello de SANTISO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E **se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes**, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chegase a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ó adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a súa identificación serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de SANTISO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2014**, todo isto

condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente

2. Para o caso de que o Concello de SANTISO non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro** de 2014, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de SANTISO perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de SANTISO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE SANTISO

MANUEL ADAN LOPEZ”

DIEGO CALVO POUSO

15.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE VILASANTAR PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA DESBRAVADORA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Vilasantar para financiar a SUBMINISTRACIÓN DUNHA DESBRAVADORA cunha achega de 20.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80,00 %) sobre un orzamento subvencionable de 25.000,00 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/454A/762.01

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VILASANTAR PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA DESBRAVADORA

A Coruña, de _____ de _____ na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Fernando Pérez Fernández, Alcalde Presidente do Concello de Vilasantar

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Vilasantar ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilasantar (NIF:P-1509100-B), para o financiamento da adquisición do ben moble que se describe de seguido:

DENOMINACIÓN: MÁQUINA DESBRAVADORA

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o informe de valoración que se achegou pola **ENTIDADE BENEFICIARIA**, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 25.000,00 EUROS.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 20.000,00 € o que representa unha porcentaxe de 80 %

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e instalación do ben moble.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/454A/76201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de adquirente, corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial

2.Adquirido o ben, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

*Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:

persoa adxudicataria,

importe do contrato

e prazo de execución.

*Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

*Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

*A **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

*Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

Certificación acreditativa do pago do ben.

*Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención al menos durante un prazo de cinco anos

*Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

*Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

* O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **ENTIDADE BENEFICIARIA** na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.Unha vez realizada a adquisición, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da formalización do contrato e, en calquera caso, DOUS

MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á **ENTIDADE BENEFICIARIA** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **ENTIDADE BENEFICIARIA** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do moble implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

3. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e terá efectos retroactivos desde o 7 de agosto de 2013 conservando a súa vixencia ata o día **31 de outubro do 2014**, quedando condicionado o seu pago á existencia de crédito axeitado e suficiente

2. Para o caso de que o CONCELLO DE VILASANTAR non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 31 de agosto de 2014, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2014. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE VILASANTAR perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3.Por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, respectivamente.

3.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do _____ de _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE VILASANTAR

Diego Calvo Pouso

Fernando Pérez Fernández “

16.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE FERROL PARA FINANCIAR AS OBRAS DE URBANIZACIÓN EXTERIOR E REFORMAS NO CENTRO TORRENTE BALLESTER.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de FERROL para financiar as obras de URBANIZACIÓN EXTERIOR E REFORMAS NO CENTRO TORRENTE BALLESTER (Concello de Ferrol) cunha achega de 200.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 100,00 %) sobre un orzamento subvencionable de 200.000,00 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0601/334A/76201

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar as obras de *urbanización exterior e reformas no Centro Torrente Ballester.*

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

D. José Manuel Rey Varela, alcalde-presidente do Concello de Ferrol, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen, coa capacidade legal necesaria e

MANIFESTAN

1.- Que o Concello de Ferrol é titular do Centro Cultural Torrente Ballester, situado no antigo Hospital de Caridade, edificio histórico de 1786, que sufriu diferentes modificacións ao longo do tempo, ata a de 1988 pola que se converteu en centro cultural.

2.- Que a Deputación Provincial da Coruña, entre cuxas competencias está no fomento da actividade cultural, considerando a importancia do labor que o Centro poderá desenvolver, non só no ámbito local senón con influencia en toda a bisbarra de Ferrol, financiou a I Fase das obras, cunha achega de 68.973,32 €.

3.- Que, coa finalidade de facer do Centro Cultural Torrente Ballester un centro de referencia no ámbito galego, a Corporación municipal do Concello de Ferrol vén de facer obras dirixidas á súa remodelación.

4.- Que, na actualidade, e co obxecto de corrixir as deficiencias que se observan no Centro, o Concello está a realizar obras de acondicionamento exterior e outras obras auxiliares, segundo o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 27 de maio de 2013.

5.- Que a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol coinciden no interese dar continuidade ás obras de remodelación do Centro Cultural Torrente Ballester que, nesta fase centraranse na parcela posterior, reparación da cuberta do patio central e lucernarios e iluminación e reparación de fisuras no salón de actos.

Por todo o exposto ambas entidades acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol (NIF: P150 3700E) para financiar as obras de **urbanización exterior e reformas no Centro Torrente Ballester**, de acordo co proxecto redactado por Miguel Ángel García Silvero, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 25184.

2.- O Concello de Ferrol, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa titularidade da finca na que se realizarán as obras.

O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado.

Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Ferrol comprométese a destinala ao uso público para o que está disposta.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Ferrol

O Concello de Ferrol desenvolverá as obras programadas, segundo se definen no proxecto redactado por Miguel Ángel García Silvero, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 25184, consonte co seguinte orzamento:

| | |
|-------------------------------------|---------------------|
| Urbanización exterior | 79.644,59.- |
| Obras auxiliares | 54.350,96.- |
| Xestión de residuos | 819,36.- |
| Calidade | 1.348,99.- |
| Seguridade e saúde | 2.734,64.- |
| Total execución material | 138.898,54.- |
| Gastos xerais 13% | 18.056,81.- |
| Beneficio industrial 6% | 8.333,91.- |
| Suma | 165.289,26.- |
| IVE 21% | 34.710,74.- |
| Total presuposto de contrata | 200.000,00 € |

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **160.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- Na súa condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Ferrol o outorgamento do contrato de execución da obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula segunda.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Ferrol axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- O Concello de Ferrol deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación Provincial da Coruña.

4.- No caso de que o Concello de Ferrol tramite e probe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación Provincial da Coruña un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo de aprobación.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Ferrol está obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Rematada a obra, deberase colocar en lugar visible, unha placa na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ferrol.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1.- De acordo coa posibilidade disposta na Base 56ª das de Execución do Orzamento para o ano 2013, a achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Ferrol do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 40% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar.

O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80 %) ao importe da adxudicación da obra, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

* **Acta** de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación Provincial da Coruña.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula quinta, mediante achega de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.

Segundo prazo, por importe de 60 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, unha vez rematada completamente a obra e logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo director da obra. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación Provincial da Coruña, que asinará tamén a acta.

* **Certificacións** dos acordos de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento das obrigas, expedidas polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas de publicidade establecida na cláusula quinta, mediante achega de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.

* **Certificación** do acordo de incorporación do ben ao Inventario de Bens do Concello de Ferrol, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención, polo menos durante un prazo de DEZ anos.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª^{6º} das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- O Concello de Ferrol deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Concello de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ferrol serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude do Concello de Ferrol, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo

expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento integrada por dúas persoas en representación da Deputación Provincial da Coruña, nomeadas polo seu presidente e dúas persoas en representación do Concello de Ferrol, nomeadas polo seu Alcalde.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuádruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

17.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “REPARACIÓN DE CAMIÑOS, SANEAMENTOS E ALUMEADOS PÚBLICOS NO CONCELLO DE PADERNE” DO CONCELLO DE PADERNE, INCLUÍDA NA 2ª FASE DO “PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE REPOSICIÓN ASOCIADOS AO MANTENIMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS ESENCIAIS DOS CONCELLOS (PAC-2)”. CÓDIGO 2009.3270.0084.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto técnico reformado da obra denominada “Reparación de camiños, saneamentos e alumeado público no Concello de Paderne”, incluída na 2ª fase do “Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos (PAC-2)”, co código 2009.3270.0084.0, aprobada na sesión plenaria realizada o día 30 de outubro de 2009, que introduce modificacións dalgunhas partidas dispostas, aínda que non varía a súa finalidade nin o seu obxecto, pero si supón unha modificación do seu presuposto.”

| |
|---------------|
| FINANCIAMENTO |
|---------------|

| CONCELLO | CÓDIGO | DENOMINACIÓN | PRESUPUESTO PROXECTO INICIAL IVE 18% | PRESUPUESTO PROXECTO REFORMADO IVE 18% | DIMINUCIÓN |
|----------|------------------|--|---|---|------------|
| Paderne | 2009.3270.0084.0 | Reparación de camiños, saneamentos e alumeados públicos no Concello de Paderne | 59.061,78 | 56.752,97 | 2.308,81 |

18.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ABASTECIMIENTO DE AUGA A SAN CRISTÓBAL” DO CONCELLO DE SANTA COMBA, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2011. CÓDIGO: 11.3300.0239.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Abastecemento de auga a San Cristóbal” do Concello de Santa Comba, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/200, anualidade 2011, código: 11.3300.0239.0, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado disposto no proxecto inicial.”

| Código | Concello | Denominación | FINANCIAMENTO CO 18% DE IVE | | |
|----------------|-------------|---------------------------------------|-----------------------------|-----------|--------------------|
| | | | Deputación F.propios | Concello. | Orzamento Total |
| 11.3300.0239.0 | Santa Comba | Abastecemento de auga a San Cristóbal | 487.323,95 | 84.288,63 | 571.612,58 |

19.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “REPARACIÓN E ASFALTADO DOS CAMIÑOS DE ACCESO A COSTA DE ÉGUA E OUTROS”, DO CONCELLO DE CARRAL, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2012. CÓDIGO: 12.2100.0052.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Reparación e asfaltado dos camiños de acceso a Costa de Égua, e outros.” do Concello de Carral, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012, cun orzamento de contrata de 78.459,34, co código 12.2100.0052.0, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade, situación e obxecto da obra, si implica modificacións internas das súas partidas”.

| Código | Concello | Denominación | FINANCIAMENTO (datos co 18% de IVE) | | |
|----------------|----------|--|-------------------------------------|----------|--------------------|
| | | | Deputación F.propios | Concello | Orzamento Total |
| 12.2100.0052.0 | Carral | Reparación e asfaltado dos camiños de acceso a Costa de Égua, e outros | 74.536,37 | 3.922,97 | 78.459,34 |

20.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “REPARACIÓN E MANTEMENTO DE CAMIÑOS DO TERMO MUNICIPAL” DO CONCELLO DE MONFERO, INCLUÍDA NA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PLAN “DTC94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS”. CÓDIGO: 2012.3280.0036.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto técnico reformado da obra denominada “Reparación e mantemento de camiños do termo municipal” do Concello de Monfero, incluída na primeira fase do “Plan DTC 94: Unha deputación para todos os concellos”, código 2012.3280.0036.0, aprobada na sesión plenaria realizada o día 26 de outubro de 2012, cun orzamento total de 160.025,17 euros, xa que supón unha alteración do seu trazado, aínda que non varía a finalidade da obra nin o seu orzamento total”.

| CONCELLO | CÓDIGO | DENOMINACIÓN | ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA MUNICIPAL | TOTAL |
|----------|------------------|---|-------------------|------------------|------------|
| Monfero | 2012.3280.0036.0 | Reparación e mantemento de camiños do termo municipal | 160.025,17 | 0,00 | 160.025,17 |

21.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “MELLORAS EN SANTA CRISTINA” DO CONCELLO DE OLEIROS, INCLUÍDA NA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PLAN “DTC94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS”. CÓDIGO 2012.3280.0037.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto técnico reformado da obra denominada “Melloras en Santa Cristina” do Concello de Oleiros, incluída na primeira fase do “Plan DTC 94: Unha deputación para todos os concellos”, código 2012.3280.0037.0, aprobada na sesión plenaria realizada o día 26 de outubro de 2012, cun orzamento total de 62.780,73 euros, que non supón unha variación da finalidade da obra, nin varía o seu orzamento total respecto do proxecto técnico remitido inicialmente, pero si varían algunhas actuacións con relación ao proxecto orixinal.”

| CONCELLO | CÓDIGO | DENOMINACIÓN | ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA MUNICIPAL | TOTAL |
|----------|------------------|----------------------------|-------------------|------------------|-----------|
| Oleiros | 2012.3280.0037.0 | Melloras en Santa Cristina | 59.641,69 | 3.139,04 | 62.780,73 |

22.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE GABIAS EN 100 QUILÓMETROS DE ESTRADAS NAS PARROQUIAS DO MEDIO RURAL” DO CONCELLO DE SANTIAGO, INCLUÍDA NA 4ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PLAN “DTC94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS”. CÓDIGO 2012.3280.0163.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto técnico reformado da obra denominada “Mellora e acondicionamento de gabias en 100 quilómetros de estradas nas parroquias do medio rural” do Concello de Santiago de Compostela, incluída na cuarta fase do “Plan DTC 94: Unha deputación para todos os concellos”, código 2012.3280.0163.0, aprobada na sesión plenaria realizada o día 22 de febreiro de 2013, cun orzamento total de 179.830,66 euros, que non supón unha variación da finalidade do proxecto pero si varían algúns dos camiños nos que se executan as obras, aínda que non varía o orzamento total da obra.”

| CONCELLO | CÓDIGO | DENOMINACIÓN | ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA MUNICIPAL | TOTAL |
|----------|------------------|--|-------------------|------------------|------------|
| Santiago | 2012.3280.0163.0 | Mellora e acond. gabias en 100 quilómetros de estradas prrq. rural | 179.830,66 | 0,00 | 179.830,66 |

23.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2014.

INTERVENCIÓNS

Sr. Regueira Varela

Bo día a todos e a todas, neste caso, efectivamente, o BNG vai votar a favor do POS 2014 que consideramos que é un Plan imprescindible, pero unha vez máis, evidentemente a Deputación o que está facendo é dalgunha maneira articular fondos propios para suplir a falta de investimento do Estado neste Plan esencial para todos os concellos, o que fai que dalgunha maneira teñamos que recortar noutros programas da propia Deputación para facerlle fronte a un POS que estaba financiado ou cofinanciado co Estado. Nós estamos de acordo co plan e consideramos que o plan é necesario e consideramos que é máis necesario que nunca, o que votamos de menos en todo caso é que o presidente da Deputación terá en todo caso, eu supoño que o apoio do BNG, sen dúbida, pero supoño que tamén doutro grupo que ten representación nesta administración, reclamar do Estado que recupere o investimento nos concellos, non pode ser que agora mesmo na situación na que estamos, cun financiamento local terrible, de feito nós tiñamos presentado unha moción, que supoño que se debaterá no vindeiro Pleno, sobre o financiamento local, o mínimo é que deberíamos, polo menos, esixir e solicitar do Estado que retome eses programas

de investimento no territorio e de investimento nos concellos. Polo demais, nada, o noso voto vai ser, como non podía ser doutro xeito, favorable a este POS 2014.

Sr. López Crespo

Grazas. Compañeiras deputadas e deputados, sobre a intervención do BNG neste punto o que é unha pequena chaparreta no noso traseiro, que debía de darlle ao Ministerio, admitímolos, pero para nós o que di que é unha pena que se gaste o diñeiro, iso que parece un vicio, para nós é unha virtude, é dicir, esa é a importancia da fortaleza económica e de xestión desta Deputación da Coruña, non hai moitas máis que así o fagan, que asume un ano máis o custo íntegro do Plan de Obras e Servizos para que os concellos, nesta situación delicada na que nos atopamos poidamos facer fronte ás nosas obras, e non só ás nosas obras porque se mantén tamén, que é unha cousa moi importante, unha gran virtualidade deste POS, que á parte do 40% que hai que gastar en investimentos e obras, o outro 60% seguimos tendo liberdade para poder gastalo e incluso, como novidoso, a posibilidade de que parte deste 60% se poida dedicar a pago adiantado da débeda. Polo tanto, nós só temos que recoñecer aquí publicamente unha vez máis que debido á boa xestión, seguro que algo teñen que ver tamén os servizos da Deputación, continúe a contía do Plan de obras e servizos, e temos que confiar, e confiamos plenamente en que este novidoso método de solicitar o POS e de presentar os plans a través dunha presentación telemática, en primeiro lugar danos máis tempo para presentar os proxectos que historicamente remataba alá polo 30 de novembro, e este ano imos levalo ata o do mes de decembro, e esperamos, por outro lado, que se reduza o tempo de tramitación nesta Deputación para que o que historicamente se viña facendo no mes de maio, que era o comezo das obras, se poida adiantar se a climatoloxía o permite. Por iso, nada máis agradecerlle ao Bloque o seu compromiso de votar a favor e, desde logo, seguro que coñecendo o presidente da Deputación, cando vai por Madrid e lle coincide o Ministro polo lado, non deixará de dicirlle “mándanos máis cartos, que os queremos”. Grazas.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014, cuxo texto figura no anexo que se xunta.

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas bases á existencia de crédito adecuado e suficiente nas partidas 0501/459A/46201 e 0501/459A/76201, tanto no presuposto inicial do exercicio 2014 como nos expedientes de modificación de créditos que a deputación poida aprobar ao longo do ano 2014 ou 2015 para o financiamento do POS 2014.”

BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2014

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal” (POS) 2014 é un plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2014, que se elabora no marco do disposto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE nº 80, do 3 de abril) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE nº 96 do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia.

O Plan finánciase previsiblemente cunha achega provincial na anualidade 2014 por importe de 24.200.000,00 €, e ademais coas achegas que voluntariamente realicen os concellos para completar o financiamento dos investimentos, posto que nos últimos anos a Administración xeral do Estado non realizou achegas as Plans provinciais elaborados polas deputacións provinciais.

En principio, pártese de que nas partidas 0501/459A/76201 e 0501/459A/46201 do presuposto provincial para o exercicio 2014, ou nos expedientes de modificación de créditos que se poidan aprobar ao longo dos anos 2014 ou 2015, vaise consignar a cantidade de 24.200.000,00 € para o financiamento do plan.

Pero dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da deputación, o POS 2014 concíbese co carácter de “Programación preventiva de actuacións”, suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento e, en consecuencia, o plan que poida aprobar a deputación poderá ser o resultado de reprogramacións de importes ou anualidades, consonte co criterio de prioridade disposto na base 6.

Por iso, a aprobación destas bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente, tanto no presuposto inicial do exercicio 2014 como nos expedientes de modificación de créditos que a deputación poida aprobar ao longo do ano 2014 ou 2015 para o financiamento do POS 2014. Consonte co anterior, non se poderá realizar ningún acto que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia presupostaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións presupostarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

O POS 2014 elabórase nun momento de crise económica no que a Deputación quere cooperar especialmente cos concellos na garantía do funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello segundo a súa poboación.

Ademais, debe terse en conta, por unha banda, que outras Administracións públicas desenvolveron importantes Plans de investimentos destinados aos concellos

co fin de dotalos das infraestruturas necesarias para o seu funcionamento e de estimular a economía e o emprego, e por outra, que os concellos teñen dificultades para atender os seus gastos correntes pola perda de ingresos nos seus orzamentos que a crise conleva.

Por iso, a finalidade do POS 2014 é dobre: en primeiro lugar á realización de novos investimentos nos concellos contribuíndo con iso a garantir a prestación dos servizos municipais e á reactivación da economía, e en segundo lugar á axuda, ben ao financiamento dos gastos correntes municipais, dado que os concellos teñen menos ingresos para o seu financiamento ou máis gastos correntes que os pasados anos, ou ben á axuda da amortización anticipada da súa débeda financeira. Trátase polo tanto, dun plan de marcado carácter excepcional e conxuntural, motivado pola situación actual da economía.

Para materializar esta dobre finalidade, cada concello poderá utilizar a cantidade que se lle asigne do seguinte modo:

a) O 40 % destinarase necesariamente á realización das obras ou subministracións precisas para a efectiva prestación dos servizos obrigatorios establecidos no artigo 26 da citada Lei 7/1985 do 2 de abril, podendo, non obstante, incluírse outras obras e servizos non obrigatorias que sexan de competencia municipal, de acordo co establecido no artigo 25 da devandita lei.

b) O 60 % restante destinarase, á elección do concello, ben á realización de máis obras ou subministracións das indicadas no parágrafo anterior, ben ao financiamento dos gastos correntes do concello no exercicio 2014, ou ben á amortización anticipada da súa débeda financeira.

2. A) REALIZACIÓN DE OBRAS OU SUBMINISTRACIONES

2.A.1.- Tipos de obras ou subministracións

Neste plan pódense incluír todas as obras e subministracións que sexan de competencia municipal, con preferencia das asociadas aos servizos obrigatorios, de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O concello acreditará que ten a dispoñibilidade dos terreos para realizar as obras, así como que conta coas autorizacións e concesións administrativas que fosen necesarias para a súa execución.

Os proxectos en fases deben ser obras completas. Por iso, no caso de proxectos que teñan na súa denominación a indicación da realización dunha fase, parte, tramo, etc., debe figurar na memoria do proxecto que se trata dunha obra completa de acordo co establecido no artigo 86.3 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (BOE nº 276 do 16 de novembro), sempre que sexan susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unha unidade funcional, ou así o esixa a natureza do obxecto. Nestes casos, terase que achegar un informe técnico xustificativo desta circunstancia.

2.A.2 .- Enquisa de infraestrutura e equipamento local

Para realizar a selección das obras que se incluírán no plan teranse especialmente en conta os datos que figuran na Enquisa de infraestrutura e equipamento local, xestionada por esta Deputación, que constitúe o instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións locais para os efectos da cooperación económica local.

Recoméndase consultar a “ficha municipal” con datos do concello que figura na páxina web desta deputación (www.dicoruna.es -concellos- eiel - informes - ficha municipal), na que se contén información detallada das súas infraestruturas e datos. Na folla número 5 da ficha figuran os índices sintéticos do concello comparados coa comarca e coa provincia.

Os datos dese concello que figuran na Enquisa deben servir de base para a elaboración do plan e así motivarase na correspondente memoria.

2.A.3 .- Proxectos e pregos de prescricións técnicas

Os proxectos e pregos de prescricións técnicas deberanse presentar para todas as obras e subministracións incluídas na anualidade de 2014, tanto do Plan base como do Plan complementario ao que se fai referencia máis adiante. O importe mínimo de cada obra ou subministración é de trinta mil euros (30.000,00 €).

Cada obra ou subministración identificarase cun proxecto ou prego de prescricións técnicas, tendo en conta que non se poden incluír como actuacións independentes os orzamentos parciais do proxecto ou prego, e deberán estar asinados por técnico competente.

Lémbrese que non se admiten as denominacións xenéricas, debendo ser identificadas sen lugar a dúbidas os investimentos que se integran no plan.

No caso das **obras**, os proxectos técnicos deberán comprender, polo menos, os documentos que se indican no artigo 123 do citado Texto refundido da lei de contratos do sector público, que son os seguintes:

- a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa a estas, as necesidades que se han satisfacer, e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo orde a ter en conta.
- b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola súa execución.
- c) O prego de prescricións técnicas e particulares, onde se fará a descrición das obras e se regulamentará a súa execución, con expresión da forma na que esta se levará a cabo, as obrigas de orde técnica que correspondan ao contratista, e a maneira na que

se levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

d) Un presuposto, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, se é o caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración.

No caso de incluír “partidas alzadas”, o seu importe total non poderá superar o 5% do presuposto de execución material do proxecto.

e) Un programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, se é o caso, do tempo e custo.

f) As referencias de todo tipo nas que se fundamentará o replanteo da obra.

g) O estudo de seguridade e saúde ou, se é o caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos dispostos nas normas de seguridade e saúde nas obras.

h) O estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que se faga unha estimación da cantidade dos residuos xerados, e unha valoración do custe disposto para a súa xestión, o que debe figurar en capítulo independente do presuposto, así como co resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro (BOE nº 38 do 13 de febreiro de 2008).

i) Canta documentación veña disposta nas normas de carácter legal ou regulamentario.

No caso de **subministracións**, os pregos de prescricións técnicas deberán incluír, cando menos, os seguintes documentos:

a) Memoria descritiva na que se detallen o obxecto e finalidade da subministración, os antecedentes, as necesidades que se han satisfacer, e a xustificación da solución adoptada.

b) Un presuposto detallado, no que se definan con claridade os distintos elementos da subministración, coas súas características técnicas precisas, pero sen facer referencia a marcas, con expresión dos prezos de cada elemento e o número de unidades, e detallando o imposto sobre o valor engadido (IVE).

c) Lugar e prazo de entrega

d) Documentos gráficos, se son necesarios para a correcta definición da subministración.

2.A.4 Plan complementario

A deputación aprobarán o Plan base da anualidade 2014 xunto cun Plan complementario para aplicar os remanentes que se poidan orixinar.

Polo tanto, xa neste momento o concello debe prever as obras ou subministracións que desexe realizar para o caso de que se produzan remanentes por

baixas na adjudicación dos contratos, ou por anulacións dos investimentos, de non ser así non se poderán aplicar os remanentes que se poidan producir no concello.

O presuposto mínimo dos proxectos tamén é de 30.000,00 € e para o seu financiamento poderanse utilizar os remanentes producidos polas baixas de adjudicación ou, se é o caso, polas anulacións de obras, podendo o concello realizar, no seu momento, unha maior achega para completar o orzamento do proxecto mínimo se fose necesario.

Se o concello inclúe varias obras o subministracións no Plan complementario, poderá decidir no seu momento aquela á que vai aplicar os remanentes xerados con independencia da súa orde de relación no plan.

2. B) FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES OU AMORTIZACIÓN ANTICIPADA DA DÉBEDA FINANCEIRA

No suposto de que o concello opte por destinar parte da cantidade asignada ao financiamento dos gastos correntes do concello dispostos para o exercicio 2014, a intervención ou a secretaría-intervención de cada concello deberá elaborar unha previsión, para o exercicio 2014, dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello por razón da súa poboación, segundo o establecido no art. 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Poderán incluírse os gastos de funcionamento dos servizos de subministración de auga potable, de rede de sumidoiros, limpeza viaria, recollida domiciliar de lixo, alumeadado público, mantemento dos accesos aos núcleos de poboación, mantemento de parques públicos e aqueles outros que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos mínimos obrigatorios en cada concello. Os custos de persoal só poderán incluírse cando estean total e directamente adscritos ao funcionamento dos devanditos servizos municipais.

Concretamente poderán incluírse os gastos que deseguido se detallan:

- persoal total e directamente adscrito ao servizo
- bens e servizos correntes
- intereses de préstamos asociados directamente ao servizo
- achegas a entes supramunicipais ou outros que realizan o servizo

No suposto de que o concello opte por destinar parte da cantidade asignada á amortización anticipada da súa débeda financeira, a intervención ou a secretaría-intervención de cada concello deberá elaborar un informe no que se indiquen os datos da débeda que se desexa amortizar anticipadamente, detallando o seu importe actual, o importe que se vai amortizar anticipadamente con cargo a este plan e o importe de débeda que quedará pendente tras esta amortización anticipada.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os 93 concellos da provincia da Coruña.

4.- FINANCIAMENTO

No financiamento deste plan participarán, a Deputación e os concellos conforme ás porcentaxes de cofinanciamento que se indican neste apartado. Non está disposta a participación do Ministerio.

Segundo se indica na base 1, en principio pártese de que nas partidas 0501/459A/76201 e 0501/459A/46201 do presuposto provincial para o exercicio 2014, ou nos expedientes de modificación de créditos que se poidan aprobar ao longo do ano 2014 ou 2015, vaise consignar a cantidade de 24.200.000,00 €, e dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da deputación, o POS 2014 concíbese co carácter de “Programación preventiva de actuacións”, suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento, e as reprogramacións de importes ou anualidades, consonte co criterio de prioridade disposto na base 6.

A cantidade que inicialmente se lle asigna a cada concello, calcúlase mediante a aplicación á cantidade de 24.200.000,00 €, segundo se indica na base 1, das variábeis ponderadas que tradicionalmente se utilizaron para realizar as asignacións de fondos do POS e que son as seguintes:

- 10% cota fixa
- 5% esforzo fiscal
- 15% número de parroquias
- 35% poboación (rural para os de máis de 50.000 habitantes)
- 35% superficie

Desta cantidade o concello destinará necesariamente o 40% para a realización das obras ou subministracións indicadas na base 2.A), e co 60% restante poderá optar por realizar máis obras ou subministracións, por destinalo ao financiamento dos seus gastos correntes no exercicio 2014 ou á amortización anticipada da súa débeda financeira segundo se detalla na base 2.B).

Para a realización de obras ou subministracións da base 2.A), a esta cantidade sumarase, no seu caso, o importe correspondente á achega que voluntariamente o concello desexe realizar.

Para cada obra ou subministracións solicitada deberase indicar individualizadamente a parte que se financia con cargo á DEPUTACIÓN e, no seu caso, a parte que voluntariamente achega o concello.

Terase en conta que, de conformidade co criterio de aplicación das baixas de licitación aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 25-09-1998, no caso de que haxa unha baixa de licitación na obra, o concello beneficiarase da máxima baixa posible. Isto quere dicir que se o concello realiza voluntariamente algunha achega, no caso de que houbese baixa de licitación, esta aplicarase en

primeiro lugar a minorar a achega municipal ata anulala, mantendo no posible a achega da Deputación.

5.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse de **xeito telemático**, a través da páxina web da Deputación da Coruña. www.dicoruna.es. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica o secretario e o alcalde para asinar a documentación achegada, e tamén a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático.

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o 4 de novembro de 2013 e rematará ás 14.00 horas do día 27 de decembro de 2013.

A documentación que debe presentarse é a que de seguido se indica:

* **MEMORIA:** A memoria deberá conter como mínimo os seguintes aspectos:

- a. Obxectivos que se han alcanzar no período. Deberanse describir os obxectivos que se han alcanzar durante o período do plan, tendo en conta, moi especialmente os déficits en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de infraestruturas e equipamento local.
- b. Criterios de selección. Deberanse fixar con carácter obxectivo os criterios de selección das obras e a distribución do seu financiamento.
- c. Financiamento. Analizarase e xustificarse o plan financeiro disposto.
- d. Outras cuestións de interese. Deberanse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior.

*** CERTIFICADO DO ACORDO MUNICIPAL DE APROBACIÓN DO POS BASE 2014 E DO PLAN COMPLEMENTARIO**

Certificación do acordo plenario do concello, segundo o modelo que figura como anexo I estas bases, polo que se dispoña participar no presente plan, aceptar expresamente estas bases e solicitar á deputación a aplicación do importe que se lle asignou dentro deste plan para a realización das obras ou subministracións que se relacionan, coa indicación da súa denominación, orzamento e detalle do seu financiamento por axentes cofinanciadores, de xeito que se concrete o importe que se financia con cargo á achega provincial e o que se realiza con cargo á achega municipal voluntaria, e, se é o caso, ao financiamento dos gastos correntes para o exercicio 2014 que figuran na previsión de gastos realizada pola intervención ou secretaría-intervención do concello.

O concello deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito de abondo para o financiamento da achega municipal ás obras ou subministracións se voluntariamente existe achega do concello.

No mesmo acordo indicárase expresamente que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos e coas autorizacións necesarias para a execución das obras.

No acordo incluírase a declaración do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención específica ou finalista doutras administracións públicas para o financiamento destes gastos, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para o seu financiamento, deberá facilitar o seu detalle e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Igualmente, no devandito decreto ou acordo autorizarase á deputación para obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. De non outorgar esta autorización, o concello deberá presentar as certificacións oportunas coa documentación da solicitude e coa documentación xustificativa final.

*** PROXECTOS E PREGOS DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS**

Proxecto e pregos de prescricións técnicas de cada unha das obras ou subministracións, tanto do POS 2014 como do Plan complementario, co contido detallado na base 2.A.3.

*** INFORME TÉCNICO**

Informe técnico individual para cada un dos proxectos presentados, no que se indique expresamente o seguinte:

- A dispoñibilidade dos terreos, as autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, e outros aspectos de interese que deban terse en conta. Se non se necesita autorización ningunha deberá indicarse expresamente.
- Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu presuposto ou contido, de acordo co establecido no artigo 125 do citado texto refundido da Lei de contratos do sector público. No caso de ser preciso, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do concello remitindo unha copia á deputación, ou se solicita asistencia a esta deputación para a súa realización ao abeiro da disposición adicional 2, apartado 12 do dito texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade

funcional, de acordo co establecido no artigo 86. do texto refundido da Lei de contratos do sector público de 14 de novembro, de contratos do sector público.

*** INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE PREVISIÓN DE GASTOS CORRENTES 2014**

No suposto de que o concello opte por destinar parte da cantidade asignada ao financiamento dos gastos correntes do concello dispostos para o exercicio 2014, a Intervención ou Secretaría-Intervención deberá elaborar un informe segundo o modelo que figura como anexo II, no que se conteña a previsión orzamentaria para o exercicio 2014 dos gastos correntes total e directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello por razón da súa poboación, segundo o establecido no art. 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, referido aos servizos e aos conceptos de gasto que se detallan na base 2.B.

No anexo II o concello debe indicar os datos correspondentes aos servizos que desexe, sempre que cubran o importe da achega provincial que o concello vai aplicar a esta finalidade, non sendo preciso cubrir os datos de todos os servizos.

*** INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE AMORTIZACIÓN ANTICIPADA DA DÉBEDA FINANCEIRA**

No suposto de que o concello opte por destinar parte da cantidade asignada ao financiamento da amortización anticipada da súa débeda financeira a Intervención ou a Secretaría-Intervención de cada concello deberá elaborar un informe no que se indiquen os datos da débeda que se desexa amortizar anticipadamente, detallando o seu importe actual, o importe que se vai amortizar anticipadamente con cargo a este plan e o importe de débeda que quedará pendente tras esta amortización anticipada.

6.- APROBACIÓN DO PLAN

Á vista da documentación presentada, o Pleno da Deputación poderá aprobar un plan partindo das solicitudes presentadas polos concellos, tanto no apartado de POS- investimentos, como de POS- gastos correntes ou amortización de débeda, como do Plan complementario. O Plan poderá aprobarse nunha ou varias fases, unha vez coñecidas as posibilidades de financiamento da deputación.

O plan que se aprobe poderá ser o resultado de axustes ou reprogramacións de importes ou anualidades, aplicándose como “criterio de prioridade” a poboación dos concellos, de xeito que terán prioridade as solicitudes presentadas polos concellos de menor poboación.

O plan someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais e da

Subdelegación do Goberno. Ademais, remitirase para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presenten alegacións nin se emitira o informe, poderanse proseguir os trámites.

A aprobación definitiva do Plan adicional que máis adiante se aprobe, financiado coas baixas de licitación ou anulacións de proxectos que se aprobe no marco do Plan complementario, realizarase mediante Resolución da Presidencia na que se declare cumprida a condición de existencia de crédito suficiente e en consecuencia se declare definitivamente aprobado o Plan adicional no que se incluírán as obras ou subministracións dispostas no Plan complementario daqueles concellos para os que exista crédito para o seu financiamento.

7.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS

Os concellos contratarán as obras de acordo co texto refundido da Lei de contratos do sector público, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración ou mediante procedemento negociado, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta Deputación. O concello debe cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

Excepcionalmente, as obras poderanas executar a propia administración de acordo co establecido no artigo 24 do citado texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Non se poderá realizar a adxudicación mediante contrato menor.

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do plan, e coa finalidade de poder aplicar no mesmo ano os remanentes que se xeren tras a adxudicación das obras, os concellos poderán adxudicar as actuacións incluídas no plan **ata o 1 de outubro de 2014**. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante resolución de Presidencia logo da solicitude motivada do concello.

Non obstante, no caso de que a aprobación do plan se produza por fases ao longo do ano 2014 ou 2015, a deputación poderá establecer outras datas para a contratación das obras.

Una vez adxudicadas as obras ou subministracións, o concello deberá remitirlle a esta Deputación de xeito telemático a seguinte documentación:

- Listaxe das obras ou subministracións cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo establecido
- A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato
- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos

No caso de adxudicación mediante procedemento negociado, deberá presentarse ademais a seguinte documentación :

- xustificación da publicidade da licitación ou a consulta a 3 empresas,
- a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
- informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación dispostos na cláusula 15 en relación co anexo IV do prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada ás ofertas presentadas

No caso de adxudicación mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración-factor prezo, ou con multiplicidade de criterios de valoración, deberá presentarse ademais a seguinte documentación:

- xustificación da publicidade da licitación
- a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
- informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación dispostos no do prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada ás ofertas presentadas

No caso de executalas a propia administración deberá presentar o informe do secretario no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto dos dispostos no artigo 24 do citado texto refundido da Lei de contratos do sector público.

8.- EXECUCIÓN DAS OBRAS

As obras executaranas os respectivos concellos conforme ao proxecto técnico da obra. A dirección e a execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

O concello deberá notificar á deputación cunha antelación mínima de 15 días a data disposta para realizar tanto a comprobación de replanteo da obra, como a súa recepción, para que poida asistir un representante da deputación se o considera conveniente. Non obstante, se no prazo de dez días contados desde o día seguinte ao de recepción desta comunicación, a deputación non comunica ao concello a designación do técnico da deputación que asistirá a ditos actos, o concello poderá realizalos sen a presenza de persoal da deputación.

Se durante a execución das obras xurde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido no citado texto refundido da Lei de contratos do sector público, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación.

Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello.

9 .- PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

O pago da achega da deputación realízase segundo se indica a continuación para a execución de obras e subministracións, e para o financiamento dos gastos correntes. Nos dous casos, a deputación acreditará previamente de oficio que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa deputación.

9. A) REALIZACIÓN DE OBRAS E SUBMINISTRACIONES

O pago ao concello do importe da achega provincial realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou facturas da subministración aprobadas polo órgano municipal competente, que o concello presente na deputación de xeito telemático. Procurarase que as certificacións de execución de obras sexan por un presuposto superior aos 6.000,00 €.

Desde o inicio das obras ata a súa recepción deberase colocar o cartel oficial debidamente cuberto, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel o outra do cartel da obra e o seu contorno, sendo requisito indispensable para que esta deputación transfira ao concello o importe da achega provincial ao plan. Esta documentación acompañará á primeira certificación de execución das obras.

Ao remate da obra, coa última certificación de execución, deberase achegar a correspondente "acta de recepción".

Para as subministracións, deberá achegarse a factura co detalle do subministro segundo figura no prego de prescricións técnicas, aprobada polo órgano municipal competente xunto coa acta de recepción.

Así mesmo, e de conformidade co establecido nos artigos 19.3, 34.3, 37.1 e) e 37.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberase acompañar a certificación expedida polo órgano competente do concello da percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos o privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais co fin de verificar que a concorrencia non supera o custo da actuación subvencionada.

Todas as obras deberán estar terminadas antes do 1 de novembro de 2015 xa que o plan debe ser obxecto de liquidación no primeiro trimestre do ano do ano 2016.

Excepcionalmente, o concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate de acordo coas instrucións que se remitirán máis adiante, que se concederá no seu caso mediante Resolución de Presidencia.

9. B) FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES OU AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

No suposto de que o concello destinara parte da achega provincial ao financiamento dos seus gastos correntes, a deputación, logo de ver o informe de previsión de gastos da Intervención ou Secretaría-Intervención, transferirá ao concello nun ou dous pagos e con carácter de prepagable, o importe da cantidade indicada sempre que estea debidamente xustificada a súa aplicación aos gastos estimados a financiar polo concello para o exercicio 2014.

Unha vez feitos os pagos, os concellos deberán presentar telematicamente na deputación, ata o 31 de marzo de 2015, un informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención, no que se detallen os pagos efectuados e os dereitos recoñecidos por subvencións finalistas para a mesma finalidade, segundo o modelo que figura como anexo III. Excepcionalmente, e a solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación mediante resolución de Presidencia.

O importe dos pagos xustificados deberá acadar ao da subvención da deputación ou, no caso de que se tiveran outras subvencións, deberá acadar a suma da totalidade das subvencións. O concello queda obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida pola deputación. No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao importe da achega da deputación transferida ao concello, iníciarase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda.

No suposto de que o concello destinara parte da achega provincial á amortización anticipada da súa débeda financeira, a deputación, logo de ver o informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello no que se indiquen os datos da débeda que se desexa amortizar anticipadamente, detallando o seu importe actual, o importe que se vai amortizar anticipadamente con cargo a este plan e o importe de débeda que quedará pendente tras esta amortización anticipada, transferirá ao concello nun ou dous pagos e con carácter de prepagable, o importe da cantidade aplicada a esta finalidade.

Unha vez feita a amortización da débeda, os concellos deberán presentar telematicamente na deputación, ata o 31 de marzo de 2015, un informe xustificativo asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención, no que se detallen os datos da débeda amortizada anticipadamente coa achega provincial. Excepcionalmente, e a solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación mediante resolución de Presidencia.

No suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, seguirase o procedemento establecido no artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

10 .- INTERPRETACIÓN

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da Deputación, previo informe da Secretaría e da Intervención.

Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO I

CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS 2014

D. / Dna. _____
secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o Pleno municipal deste concello na sesión realizada o día ___/___/2013, adoptou o seguinte acordo:

1.- “Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o concello ten disposto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2014 ou a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | Presuposto total |
|--|------------|----------|------------------|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS | | | |

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2014 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

| | Deputación |
|---|------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes | |
| Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda | |
| SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA | |

C) Resumo:

| Denominación da obra | Deputación | Concello | Presuposto total |
|---|------------|----------|------------------|
| SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS | | | |
| SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA | | | |
| T O T A L | | | |

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2014 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

| Denominación da obra ou subministración | Presuposto |
|---|------------|
| | |
| | |
| TOTAIS | |

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal de 2014 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade de 2014, se a houber.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á deputación para que obteña as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe do
alcalde _____, o día ____ de _____ do ano dous mil trece.

Vº. pr.
O alcalde

ANEXO II
PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE
COMPETENCIA MUNICIPAL

POS 2014

Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello de
previsión de gastos correntes 2014

| | |
|--------------------|--|
| CONCELLO DE | |
|--------------------|--|

| SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local | NATUREZA DO GASTO | PREVISIÓN DE GASTOS PRESUPOSTO 2014 (A) | ESTIMACIÓN DOUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS OU PRIVADAS PRESUPOSTO 2014 (B) | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO 2014 (A-B) |
|---|---|--|--|---|
| | - Persoal total e directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | SUBTOTAL | | | |
| Rede de sumidoiros | - Persoal total e directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | SUBTOTAL | | | |
| Limpeza viaria | - Persoal total e directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | SUBTOTAL | | | |

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

ANEXO II

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE
COMPETENCIA MUNICIPAL
POS 2014**

**Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello de
previsión de gastos correntes 2014**

| | |
|--------------------|--|
| CONCELLO DE | |
|--------------------|--|

| SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local | NATUREZA DO GASTO | PREVISIÓN DE GASTOS PRESUPOSTO 2014 (A) | ESTIMACIÓN DOUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS OU PRIVADAS PRESUPOSTO 2014 (B) | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO 2014 (A-B) |
|---|---|--|--|---|
| Recollida domiciliaria de lixo | - Persoal total e directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | SUBTOTAL | | | |
| Alumeado público | - Persoal total e directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | SUBTOTAL | | | |
| Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación | - Persoal total e directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | SUBTOTAL | | | |

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

ANEXO II
PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE
COMPETENCIA MUNICIPAL
POS 2014

Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello de
 previsión de gastos correntes 2014

| | |
|-------------|--|
| CONCELLO DE | |
|-------------|--|

| SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local | NATUREZA DO GASTO | PREVISIÓN DE GASTOS PRESUPOSTO 2014 (A) | ESTIMACIÓN DE OUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS OU PRIVADAS PRESUPOSTO 2014 (B) | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO 2014 (A-B) |
|--|---|---|---|--|
| Mantemento de parques públicos | - Persoal total e directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | SUBTOTAL | | | |
| Outros | - Persoal total e directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | SUBTOTAL | | | |
| Outros | - Persoal total e directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | SUBTOTAL | | | |
| T O T A L | | | | |

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

**ANEXO III
PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE
COMPETENCIA MUNICIPAL**

POS 2014

**Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello
xustificativo dos pagos de gastos correntes realizados en 2014**

| | |
|--------------------|--|
| CONCELLO DE | |
|--------------------|--|

| SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local | NATUREZA DO GASTO | PAGOS REALIZADOS 2014 (A) | DEREITOS RECOÑECIDOS POR SUBVENCIÓNS FINALISTAS 2014 (B) | GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO 2014 (A-B) |
|---|---|----------------------------------|---|---|
| Subministración de auga potable | - Persoal total e directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | SUBTOTAL | | | |
| Rede de sumidoiros | - Persoal total e directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | SUBTOTAL | | | |
| Limpeza viaria | - Persoal total e directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | SUBTOTAL | | | |

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

ANEXO III

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE
COMPETENCIA MUNICIPAL**

POS 2014

**Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello
xustificativo dos pagos de gastos correntes realizados en 2014**

CONCELLO DE

| SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local | NATUREZA DO GASTO | PAGOS REALIZADOS 2014 (A) | DEREITOS RECOÑECIDOS POR SUBVENCIÓNS FINALISTAS 2014 (B) | GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO 2014 (A-B) |
|---|---|--|---|---|
| Recollida domiciliaria de lixo | - Persoal total e directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | SUBTOTAL | | | |
| Alumeado público | - Persoal total e directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | SUBTOTAL | | | |
| Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación | - Persoal total e directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | SUBTOTAL | | | |

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

ANEXO III
PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE
COMPETENCIA MUNICIPAL
POS 2014

Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello
xustificativo dos pagos de gastos correntes realizados en 2014

| | |
|--------------------|--|
| CONCELLO DE | |
|--------------------|--|

| SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local | NATUREZA DO GASTO | PAGOS REALIZADOS 2014 (A) | DEREITOS RECOÑECIDOS POR SUBVENCIÓNS FINALISTAS 2014 (B) | GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO 2014 (A-B) |
|--|---|---------------------------|--|--|
| Mantemento de parques públicos | - Persoal total e directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | SUBTOTAL | | | |
| Outros | - Persoal total e directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | SUBTOTAL | | | |
| Outros | - Persoal total e directamente adscrito | | | |
| | -Bens e servizos correntes | | | |
| | -Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo | | | |
| | -Achegas a entes supramunicipais ou outros | | | |
| | SUBTOTAL | | | |
| T O T A L | | | | |

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

24.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DAS BANCADAS CUBERTAS NO CAMPO DE FÚTBOL DO MILLADOIRO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Ames para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo.

| | |
|------------------------------|--|
| CONCELLO | Ames |
| DENOMINACIÓN DA OBRA | Bancadas cubertas no campo de fútbol de Milladoiro |
| PRESUPOSTO DO PROXECTO | 91.536,56 € |
| ACHEGA DA DEPUTACIÓN | 73.229,25 € |
| ACHEGA DO CONCELLO | 18.307,31 € |
| COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO | 80% |
| PARTIDA ORZAMENTARIA | 0202/342A/76201 |

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia ata o próximo exercicio 2014, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial do ano 2014, así como ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o devandito exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DA OBRA DE BANCADAS CUBERTAS NO CAMPO DE FÚTBOL DE MILLADOIRO

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Santiago V. Amor Barreiro, alcalde-presidente do Concello de Ames.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ames ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas :

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ames con CIF P- 1500200-I, para o financiamento da obra de “BANCADAS CUBERTAS NO CAMPO DE FÚTBOL DO MILLADOIRO”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por SALGADO E LIÑARES ARQUITECTOS SLP.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

| | |
|---------------------------------------|-----------|
| P.E.M. : | 63.571,47 |
| GASTOS XERAIS : | 8.264,29 |
| BENEFICIO INDUSTRIAL : | 3.814,29 |
| IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO : | 15.886,51 |
| ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA : | 91.536,56 |

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 73.229,25 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificando non alcance o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta

inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/342A/76201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56^a das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire na cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibira ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dpostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención

outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio**

poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por de _____ data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE AMES

Diego Calvo Pouso

Santiago V. Amor Barreiro

25.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE SADA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REPARACIÓN NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE CANTALARRANA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Sada para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

| | |
|-----------------------|--|
| CONCELLO | Sada |
| DENOMINACIÓN DA OBRA | Reparación no pavillón polideportivo de Cantalarrana |
| ORZAMENTO DO PROXECTO | 62.500,00 € |
| ACHEGA DA DEPUTACIÓN | 50.000,00 € |
| ACHEGA DO CONCELLO | 12.500,00 |

| | |
|------------------------------|-----------------|
| COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO | 80% |
| PARTIDA ORZAMENTARIA | 0202/342A/76201 |

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia ata o próximo exercicio 2014, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial do ano 2014, así como ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o devandito exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SADA PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DA OBRA DE REPARACIÓN NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE CANTALARRANA

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Ernesto Anido Varela, alcalde-presidente do Concello de Sada. Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Sada ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Sada con CIF P- 1507600C, para o financiamento da obra de “REPARACIÓN NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE CANTALARRANA”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto FRANCISCO JAVIER CORREDOIRA ISASI, colexiado nº 1043.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como o certificado de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

| | |
|---------------------------------------|-----------|
| P.E.M. : | 43.405,79 |
| GASTOS XERAIS : | 5.642,75 |
| BENEFICIO INDUSTRIAL : | 2.604,35 |
| IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO : | 10.847,11 |
| ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA : | 62.500,00 |

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 50.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80 %. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcance o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/342A/76201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegará con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola deputación.

- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigaón, expedida por órgano competente

- Acreditación do cumprimento das obrigaóns tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- Acreditación do cumprimento das obrigaóns de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)

- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboarles aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á

ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de

axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigaón de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes previos da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderanlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade, asinan en cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE SADA

Diego Calvo Pouso

Ernesto Anido Varela

26.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE TORDOIA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO EXISTENTE NA TARROEIRA-CASTENDA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Tordoia para financiar as obras incluídas no proxecto de execución das obras cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

| | |
|------------------------------|--|
| CONCELLO | Tordoia |
| DENOMINACIÓN DE OBRA | Ampliación e mellora da rede de saneamento existente en Tarroeira-Castenda |
| ORZAMENTO DO PROXECTO | 70.314,00 € |
| ACHEGA DA DEPUTACIÓN | 70.314,00 € |
| ACHEGA DO CONCELLO | 0,00 |
| COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO | 100% |
| PARTIDA ORZAMENTARIA | 0202/161A/76201 |

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia ata o próximo exercicio 2014, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial do ano 2014, así como ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o devandito exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TORDOIA PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO EXISTENTE EN TARROEIRA-CASTENDA

A Coruña, a sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Antonio Pereiro Liñares, alcalde-presidente do Concello de Tordoia.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Tordoia ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas :

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Tordoia con CIF P- 1508500D, para o financiamento da obra de “AMPLIACIÓN E MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO EXISTENTE EN TARROEIRA-CASTENDA”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños MANUEL ANGEL PISOS VEIGA, colexiado nº8465.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

| | |
|---------------------------------------|-----------|
| P.E.M. : | 48.832,56 |
| GASTOS XERAIS : | 6.348,23 |
| BENEFICIO INDUSTRIAL : | 2.929,95 |
| IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO : | 12.203,26 |
| ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA : | 70.314,00 |

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento total das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega de 70.314,00 €, o que representa unha porcentaxe do 100 %. A entidade beneficiaria emitiu informe responsable da Intervención Municipal acreditando que a entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcance o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/161A/76201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirille á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1.- Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están escritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.- Unha vez finalizadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este último prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres

meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

5.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte**. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a ENTIDADE BENEFICIARIA

perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na devandita data.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan e na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE TORDOIA

Diego Calvo Pouso

Antonio Pereiro Liñares

27.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CURTIS PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO CENTRO ETNOGRÁFICO DE CURTIS, SITUADO EN TEIXEIRO (CURTIS) NO MARCO DO “PROXECTO MANDEO, POSTA EN VALOR DAS CONCAS FLUVIAIS 1ª FASE RÍO MANDEO”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de CURTIS para instrumentalizar a xestión do Centro Etnográfico de Curtis, situado en Teixeiro (Curtis)

no marco do “Proxecto Mandeo, posta en valor das concas fluviais 1ª fase Río Mandeo”, cunha achega da Deputación de 18.000,00 € para o período que vai desde o 1 de novembro de 2013 ata o 31 de agosto de 2014, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

| | |
|------------------------------|--|
| CONCELLO | Curtis |
| DENOMINACIÓN DO CONVENIO | Xestión do Centro etnográfico de Curtis, situado en Teixeiro (Curtis) no marco do “Proxecto Mandeo |
| ORZAMENTO DO CONVENIO | 18.000,00 € |
| ACHEGA DA DEPUTACIÓN | 18.000,00 € |
| ACHEGA DA DEPUTACIÓN | 0,00 € |
| COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO | 100% |
| PARTIDA ORZAMENTARIA | 0501 /172D/ 46201 |

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o financiamento deste convenio

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia ata o próximo exercicio 2014, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial do ano 2014, así como ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o devandito exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CURTIS PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO CENTRO ETNOGRÁFICO DE CURTIS, SITUADO EN TEIXEIRO (CURTIS) NO MARCO DO “PROXECTO MANDEO. POSTA EN VALOR DAS CONCAS FLUVIAIS. 1ª FASE RÍO MANDEO” COFINANCIADO POR FONDOS FEDER

A Coruña, de 2013 na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso

E doutra parte, o Sr. Javier Francisco Cainzos Vázquez, alcalde do Concello de Curtis.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas e,

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello en promover o desenvolvemento da conca do río Mandeo no ámbito territorial de cada unha das administracións actuantes, de acordo cos obxectivos e contidos do proxecto denominado “Mandeo. Posta en valor da conca fluvial. 1ª Fase río Mandeo” cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, en virtude da Resolución do 13 de xuño de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial

Unha vez executadas pola Deputación provincial as obras e instalacións do proxecto emprazadas no termo municipal de Curtis

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme as seguintes cláusulas:

1.OBXECTO

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Curtis CIF:P1503200-F, para garantir a apertura do centro etnográfico de Curtis executado no ámbito territorial deste concello

TÉRMINOS DO CONVENIO

→ Obrigas do Concello de Curtis

1. O Concello de Curtis achegará o persoal necesario para a atención a visitantes do Centro Etnográfico desde o 1 de novembro de 2013 ata o 31 de agosto de 2014. O Concello porá en funcionamento o centro e encargarse das visitas que se reciban.
2. O Concello de Curtis comprométese á apertura do centro de acordo cos seguintes horarios:
 - Martes -Venres de 10h a 13h e de 16h a 19h
 - Sábados e domingos de 10h a 13h
 - Luns e festivos pechado

O centro permanecerá aberto 30 horas á semana, pero por razóns organizativas poderá modificarse o horario.

3. O Concello de Curtis organizará visitas ao centro durante o período indicado (10 meses). No marco do presente convenio, o concello organizará como mínimo 2 visitas ao mes, para o que establecerá contactos con colexios, institutos e asociacións do municipio, así como coas demais entidades da conca do Mandeo. Neste sentido, durante este período o Concello levará un rexistro/libro de visitas ao centro, así como a elaboración dun dossier fotográfico das visitas realizadas.

→ Obrigas da Deputación da Coruña

1. A Deputación da Coruña **achegará 18.000,00 € con cargo a aplicación 0501/172D/46201** ao Concello de Curtis para a contratación do persoal durante o período establecido. Polo tanto, o presuposto polo que se instrumentaliza o presente convenio é de 18.000,00 €, o que representa un coeficiente de financiamento do 100 %, que se pagarán ao Concello de Curtis na forma disposta nas cláusulas VI e VII.
2. A Deputación da Coruña poñerá a disposición do Concello de Curtis material didáctico e promocional e medios técnicos xerados no marco do proxecto Mandeo para o seu uso no centro.

3. Durante a duración deste convenio, todos os gastos do Centro, excepto o persoal, serán a cargo da Deputación.

→ **Obrigas da Deputación da Coruña e do Concello de Curtis**

- A Deputación da Coruña asume o seguinte compromiso e obriga “Garantir o correcto estado de conservación das obras e instalacións executadas e polo tanto o cumprimento do artigo 57 do Regulamento (CE) N° 1083/2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no referido á invariabilidade das operacións”.

Artigo 57. O Estado membro ou a autoridade de xestión garantirán que unha operación unicamente reteña a contribución dos Fondos se non sofre, antes de transcorridos cinco anos do seu fin, ou antes de tres anos, unha modificación substancial:

- a) *que afecte á súa natureza ou ás súas condicións de execución ou que outorgue a unha empresa ou a un organismo público vantaxes indebidas, e*
 - b) *que se derive dun cambio na natureza da propiedade*
- O Concello de Curtis garante a apertura do centro.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte a un orzamento de 18.000,00 € .

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 18.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 100%. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100%, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/172D/46201.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** a contratación do persoal que precise.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación aplicable

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **ENTIDADE BENEFICIARIA**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1- Coa posibilidade disposta no disposto na Base 56º das de execución do Orzamento para o ano 2013 ata o 50 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable cando entre en vigor o EMC 4/2013, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación do persoal necesario para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: nome, apelidos, DNI, retribucións e copia do contrato
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- A **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos correspondentes documentos.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

A memoria incluirá unha descrición das actividades realizadas, o libro-rexistro de visitas recibidas e unha reportaxe fotográfica,

- Copia compulsada das nóminas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo das nóminas

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **ENTIDADE BENEFICIARIA** na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizado o obxecto do contrato deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.e

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá vixencia desde o 1 de novembro de 2013 ata o 30 de novembro de 2014 para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de novembro de 2013 ata o 31 de agosto de 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data.

2. Para o caso de que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter rematadas as **ACTIVIDADES** e presentada a xustificación **antes do día 30 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro de 2014. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____
de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE
CURTIS

28.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE COIRÓS PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO “CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA CONTORNA FLUVIAL DO RÍO MANDEO” SITUADO NO LUGAR DE CHELO (COIRÓS), NO MARCO DO “PROXECTO MANDEO, POSTA EN VALOR DAS CONCAS FLUVIAIS 1ª FASE RÍO MANDEO”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de COIRÓS para instrumentalizar a xestión do “Centro de interpretación da contorna fluvial do Río Mandeo” situado no lugar de Chelo (Coirós), no marco do “Proxecto Mandeo, posta en valor das concas fluviais 1ª fase Río Mandeo”, durante o período 1 de novembro de 2013 ata 31 de agosto de 2014, cunha achega da Deputación de 13.500,00 €, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

| CONCELLO | COIRÓS |
|------------------------------|---|
| DENOMINACIÓN DO CONVENIO | Xestión “Centro de interpretación da contorna fluvial do Río Mandeo” situado no lugar de Chelo (Coirós)no marco do Proxecto Mandeo |
| PRESUPOSTO DO CONVENIO | 13.500,00 € |
| ACHEGA DA DEPUTACIÓN | 13.500,00 € |
| ACHEGA DO CONCELLO | 0,00 € |
| COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO | 100% |
| PARTIDA ORZAMENTARIA | 0501 /172D/ 46201 |

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 4/2013 no que se inclúe crédito suficiente para o financiamento deste convenio.

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia ata o próximo exercicio 2014, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial do ano 2014, así como ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o devandito exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE COIRÓS PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO “CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA CONTORNA FLUVIAL DO RIO MANDEO” SITUADO NO LUGAR DE CHELO (COIRÓS), NO MARCO DO PROXECTO MANDEO. POSTA EN VALOR DAS CONCAS FLUVIAIS. 1ª FASE RÍO MANDEO COFINANCIADO POR FONDOS FEDER

A Coruña, de 2013 na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso

e doutra parte, o Sr. Francisco Quintela Requeijo, alcalde do Concello de Coirós.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas e,

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello en promover o desenvolvemento da conca do río Mandeo no ámbito territorial de cada unha das administracións actuantes, de acordo cos obxectivos e contidos do proxecto denominado “Mandeo. Posta en valor da conca fluvial. 1ª Fase río Mandeo” cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, en virtude da Resolución do 13 de xuño de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial

Unha vez executadas pola Deputación provincial as obras e instalacións do proxecto emprazadas no termo municipal de Coirós

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme as seguintes cláusulas:

1.OBXECTO

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Coirós CIF: P 1502700-F, para garantir a apertura do Centro de interpretación do entorno fluvial do Río Mandeo situado no lugar de Chelo, no ámbito territorial deste concello

TÉRMINOS DO CONVENIO

→ Obrigas do Concello de Coirós

1. O Concello de Coirós achegará o persoal necesario para a atención a visitantes do Centro de interpretación do entorno fluvial do Río Mandeo desde o 1 de novembro de 2013 ata o 31 de agosto de 2014. O Concello porá en funcionamento o centro e encargarse das visitas que se reciban.
2. O Concello de Coirós comprométese á apertura do centro de acordo cos seguintes horarios, modificable por razóns organizativas:

| DESDE 1 NOVEMBRO 2013 ATA 31 MARZO 2014 | | DESDE 1 ABRIL ATA 31 AGOSTO 2014 | |
|---|------------------|----------------------------------|------------------|
| Venres | 10-13 | Mércores, xoves e venres | 10 – 13 e 16 -19 |
| Sábado e domingo | 10 – 13 e 16 -19 | Sábado e domingo | 10 – 13 e 16 -19 |
| Luns e festivos | Pechado | Luns e festivos | Pechado |

| | | | |
|----------------|-------------------|----------------|-------------------|
| Horas / semana | 15 horas / semana | Horas / semana | 30 horas / semana |
|----------------|-------------------|----------------|-------------------|

- O Concello de Coirós organizará visitas ao centro durante o período indicado (10 meses). No marco do presente convenio, o concello organizará como mínimo 2 visitas ao mes, para o que establecerá contactos con colexios, institutos e asociacións do municipio, así como coas demais entidades da conca do Mandeo. Neste sentido, durante este período O concello levará un rexistro/libro de visitas ao centro, así como a elaboración dun dossier fotográfico das visitas realizadas.

→ Obrigas da Deputación da Coruña

- A Deputación da Coruña **achegará 13.500,00 € con cargo á aplicación 0501/172D/46201** ao Concello de Coirós para a contratación do persoal durante o período establecido. Polo tanto, o presuposto polo que se instrumentaliza o presente convenio é de 13.500,00 €, o que representa un coeficiente de financiamento do 100 %, que se pagarán ao Concello de Coirós na forma disposta nas cláusulas VI e VII.
- A Deputación da Coruña poñerá a disposición do Concello de Coirós material didáctico e promocional e medios técnicos xerados no marco do proxecto Mandeo para o seu uso no centro.
- Durante a duración deste convenio, todos os gastos do Centro, excepto o persoal, serán a cargo da Deputación.

→ Obrigas da Deputación da Coruña e do Concello de Coirós

- A Deputación da Coruña asume o seguinte compromiso e obriga “Garantir o correcto estado de conservación das obras e instalacións executadas e polo tanto o cumprimento do artigo 57 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no referido á invariabilidade das operacións”.

Artigo 57. O Estado membro ou a autoridade de xestión garantirán que unha operación unicamente reteña a contribución dos Fondos se non sofre, antes de transcorridos cinco anos do seu fin, ou antes de tres anos, unha modificación substancial:

- que afecte á súa natureza ou ás súas condicións de execución ou que outorgue a unha empresa ou a un organismo público vantaxes indebidas, e*
- que se derive dun cambio na natureza da propiedade*

- O Concello de Coirós garante a apertura do centro.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte a un orzamento de 13.500,00 € .

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 13.500,00 €, o que representa unha porcentaxe do 100%. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100%, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0501/172D/46201.

4.A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** a contratación do persoal que precise.

2.No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación aplicable

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **ENTIDADE BENEFICIARIA**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Coa posibilidade disposta no disposto na Base 56º das de execución do Orzamento para o ano 2013 ata o 50 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable cando entre en vigor o EMC 4/2013, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación do persoal necesario para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: nome, apelidos, DNI, retribucións e copia do contrato

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- A **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos correspondentes documentos.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A memoria incluírá unha descrición das actividades realizadas, o libro-rexistro de visitas recibidas e unha reportaxe fotográfica,
- Copia compulsada das nóminas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo das nóminas

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **ENTIDADE BENEFICIARIA** na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizado o obxecto do contrato deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de

axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá vixencia desde o 1 de novembro de 2013 ata o 30 de novembro de 2014 para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de novembro de 2013 ata o 31 de agosto de 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data.

2.Para o caso de que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter rematadas as **ACTIVIDADES** e presentada a xustificación **antes do día 30 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada , co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro de 2014. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ de data _____
de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE
COIRÓS

Diego Calvo Pouso

Francisco Quintela Requeijo

29.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDAD HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS, DE BOS AIRES - ARXENTINA, PARA O COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO FOGAR DE ACOLLIDA “RESIDENCIA DOMSELAAR.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar o seguinte convenio:

“CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDAD HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS, DE BOS AIRES - ARXENTINA, PARA O COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMIENTO DO FOGAR DE ACOLLIDA “RESIDENCIA DOMSELAAR”

..... , de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D. RAFAEL GIL MALVIDO, presidente da *SOCIEDAD HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS DE BOS AIRES*.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

MANIFESTAN

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais

constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as estean vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

A *Sociedad Hogar Gallego Para Ancianos* é unha asociación civil, sen ánimo de lucro, de carácter benéfico, constituída no ano 1943, ao amparo da lexislación da República Arxentina, con sede social na rúa Moreno 1270 – 2º, de Bos Aires (Arxentina) que, segundo os seus estatutos, ten como finalidade a protección e socorro mutuo entre os seus asociados, e en xeral a realización dun labor asistencial e de previsión e axuda para as persoas maiores, a través da súa Residencia Domselaar, sita no Municipio de San Vicente.

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a *Sociedad Hogar Gallego Para Ancianos* (a beneficiaria, en diante) para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento durante o ano 2013 da Residencia Domselaar.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| CONCEPTO | IMPORT E |
|--------------------------------|-----------|
| Honorarios profesionais | 15.000,00 |
| Luz, gas, impostos e taxas | 2.000,00 |
| Alimentación | 30.000,00 |
| Mantemento e limpeza | 3.000,00 |
| Farmacia e cueiros xeriátricos | 3.000,00 |

| | | |
|--|----------------------------------|------------------|
| | Servizo de vixilancia | 7.000,00 |
| | TOTAL | 60.000,00 |

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunhas achegas máximas de 40.000,00 €, que equivalen ao 66,667 % de coeficiente de financiamento.

2. No caso de que os gastos xustificadas non acaden os importes totais dispostos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (66,667 %) da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0103/232C/481, por 40.000,00 €, do orzamento para o 2013.

4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á beneficiaria que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que exista nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria.

2. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os criterios contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. Os gastos de funcionamento incluídos no orzamento subvencionado serán os comprendidos entre o período do 1.01.2013 ao 31.12.2013.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura ata o 30 de xuño de 2014, e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2013.

2. Logo da solicitude da beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do _____ de dous mil trece.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA SOCIEDADE
HOGAR GALLEGO PARA
ANCIANOS DE BOS AIRES

DIEGO CALVO POUSO

RAFAEL GIL MALVIDO”

2ª. Aprobar como achega provincial ao convenio a cantidade de 40.000,00 €

3º. Facultar a Presidencia da Corporación para a formalización e execución do convenio.”

30.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de analizar a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal.

Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.

Texto proposto para a Ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL XERAL: Modificación do artigo 7.

“Artigo 7.- Concorrenza de varios obrigados tributarios.

A concorrencia de varios obrigados tributarios nun mesmo presuposto dunha obriga, determinará que queden solidariamente obrigados fronte á Administración tributaria provincial, ao cumprimento de todas as prestacións, salvo que por lei se dispoña expresamente outra cousa.

Cando a Deputación só coñeza a identidade dun titular, practicará e notificará as liquidacións tributarias a nome deste, o cal virá obrigado a satisfacelas se non solicita a súa división.

Para que proceda a división, será indispensable que o solicitante facilite os datos persoais e o domicilio correcto e completo dos obrigados ao pagamento, así como a proporción en que cada un deles participe no dominio ou dereito transmitido, mediante comunicación expresa para o efecto, á que deberán acompañarse os medios documentais xustificativos da procedencia da división.

En relación co imposto sobre bens inmoables rústicos, só se atenderán as solicitudes de división cando a cota que se ha ingresar por parcela para cada un dos obrigados tributarios resulte superior a 6 €.

Salvo que a normativa reguladora de cada tributo estableza outra cousa, cando se trate de tributos periódicos xestionados mediante padrón ou matrícula, para que a solicitude de división produza efectos, deberá presentarse no prazo establecido para a presentación das preceptivas declaracións de alta ou modificación.

Non tratándose de supostos de alta no correspondente padrón ou matrícula, a petición de división producirá efectos a partir do seguinte período impositivo a aquel en que se presentou a solicitude.

Nos tributos de natureza instantánea, a solicitude de división, para que produza efectos fronte á Administración provincial, deberá presentarse antes da finalización do prazo para declarar a realización do feito imponible ou, no seu caso, para presentar en prazo a correspondente autoliquidación.

Nos restantes casos, a solicitude de división deberá presentarse nos prazos de presentación da correspondente declaración tributaria.

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra da modificación da ordenanza fiscal xeral.

4º.- A ordenanza fiscal xeral comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra esta, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarse

no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2014.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

31.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DE PUBLICACIÓNS DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de analizar a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal Nº 2 reguladora da taxa por servizo de publicacións do Boletín Oficial da Provincia.

Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicesoureira.

Texto proposto para a Ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DE PUBLICACIÓNS DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA (artigo 7).

“Artigo 7.- Bases de imposición e tipos de gravame.

A base imponible determínase pola cantidade de caracteres (carácter tipográfico incluído os espazos en branco) e/ou espazo das imaxes do texto a publicar e o modo de remitir o texto orixinal.

Tarifa: Publicación de anuncios ou documentos diversos:

1.- Inserción de textos remitidos con sinatura electrónica. Anuncios publicados con carácter urgente:

A.- Importe por carácter: 0,0810 euros/carácter.

B- Imaxes: 0,4670 €/cm².

2.- Inserción de textos remitidos con xustificante electrónico. Anuncios publicados con carácter urgente:

A.- Importe por carácter: 0,0810 euros/carácter.

B- Imaxes: 0,4670 €/cm².

3.- Inserción de textos remitidos en papel. Anuncios publicados con carácter urgente:

A.- Importe por carácter: 0,1155 euros/carácter.

B- Imaxes: 0,6675 €/cm².

Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito”

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal nº 2.

4º.- A ordenanza fiscal nº 2 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicárase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2014.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da Ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

32.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS, ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E DEREITOS DE EXAME.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de analizar a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal Nº 3 reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame.

Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.

Texto proposto para a Ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Informe preceptivo da Intervención provincial.

- 1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS, ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E DEREITOS DE EXAME (Artigo 6)

“Artigo 6.- Bases de Imposición e tipos de gravame.

As Bases de Imposición e tipos de gravame son os recollidos na seguinte tarifa:

- 1.- Detalle de documentos en expediente administrativo, cuxos orixinais queden en poder de particulares, cada folio 1,70 €.

2 - Certificacións:

- 2.1.- Ordinarias, cada folio 4,85 €.

2.2.- Prestación do Servizo de Expedición de documentos catastrais a través do Punto de Información Catastral:

- 2.2.1.- Por certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas unicamente a un inmovible, por documento expedido: 13,50 euros.

Cando as certificacións descritivas ou gráficas incorporen, a petición do interesado datos doutros inmovibles, a contía incrementarase en 4,55 euros por cada inmovible.

- 2.2.2.- Por certificacións catastrais literais, por cada documento expedido: 4,55 euros.

Incrementarase en 4,55 euros por cada un dos bens inmovibles a que se refira o documento.

- 2.2.3.- Outro tipo de certificacións distintas ás anteriores: 4,55 euros.

3.- Copia simple de documentos:

- 3.1.- Por cada copia en branco e negro en papel formato DIN-A4 ou tamaño folio de documentos que figuren en expedientes administrativos. Primeira folla, 1,05 € Cada unha das follas seguintes: 0,25 €

- 3.2.- Por cada copia en branco e negro en papel formato DIN-A4 ou tamaño folio de documentos que figuren en expedientes administrativos que figuren en expedientes administrativos que constan nos centros de Arquivo de titularidade da Deputación Provincial da Coruña. Primeira folla, 1,70 €. Cada unha das follas seguintes, 0,60 €.

4.- Planos e documentos técnicos:

Das copias de planos existentes en calquera dependencia provincial, non suxeitas a outra taxa, segundo formato:

- 4.1.- Planos tamaños DIN-A4, 1,45 €
- 4.2.- Planos tamaños DIN-A3, 2,90 €
- 4.3.- Planos tamaños DIN-A2, 5,70 €
- 4.4.- Planos tamaños DIN-A1, 11,30 €
- 4.5.- Planos tamaños maior que DIN-A1, 20,85 €

5.- Contratos administrativos: en toda clase de contratos administrativos, calquera que sexa o procedemento de adxudicación, e atendendo ás diversas fases do expediente administrativo, aplicaranse as seguintes tarifas:

5.1.- Contratos administrativos: formalización, cada folio, 2,95 €

5.2.- Ademais da cota resultante do número anterior, por contía do contrato que vén determinada polo orzamento de adxudicación aplicarase a modalidade de alícuota por tramos:

5.2.1.- Se o valor non excede de 30.000,00 € o 0,18%.

5.2.2.- Polo exceso, entre 30.000,01 € ata 300.000,00 €, 0,08%.

5.2.3.- Polo que excede de 300.000,00 €, 0,03%.

6.- Validación de poderes e lexitimación de personalidade sempre que se solicite a súa achega para realizar actos, contratos e outros trámites desta deputación ou dos establecementos que dela dependen:

6.1.- Persoas xurídicas, 10,10 €

6.2.- Persoas físicas, 5,10 €

7.- Expedición de duplicados e informes en relación con datos que constan na Base informática dos servizos tributarios:

7.1.- Informe sobre a situación dunha liquidación en xestión de cobro, 2,40 €.

7.2.- Informe acerca de se un obrigado está ao corrente no pago das súas débedas, 4,10 €.

7.3.- Outros informes sobre situacións tributarias, 4,60 €.

8.- Expedición de informes en relación con datos que constan na Base informática do Servizo de Contabilidade, relativos ao saldo contable a unha data e/ou operacións realizadas durante un período de tempo determinado entre a empresa ou entidade solicitante e esta Deputación: 4,10 €.

9- Dereitos de exame.

9.1.- Para acceso, como funcionario de carreira, ao grupo de titulación A: Subgrupo A1, ou como laboral fixo ao nivel 1, 32,10 €.

9.2.- Para acceso, como funcionario de carreira, ao grupo de titulación B: Subgrupo A2, ou como laboral fixo ao nivel 2, 24,05 €.

9.3.- Para acceso, como funcionario de carreira, ao grupo de titulación C: Subgrupo C1, ou como laboral fixo a niveis equivalentes, 16,10 €.

9.4.- Para acceso, como funcionario de carreira, ao grupo de titulación D: Subgrupo C2, ou como laboral fixo a niveis equivalentes, 12,10 €.

9.5.- Para acceso, como funcionario de carreira, ao grupo de titulación E, ou como laboral fixo a niveis equivalentes, 9,65 €.

10.- Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito."

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal nº 3.

4º.- A ordenanza fiscal nº 3 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarse no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2014.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción

definitiva da Ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

33.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de analizar a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal Nº 4 reguladora da taxa por servizos no Polígono industrial de Sabón.

Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.

Texto proposto para a Ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN (Artigo 6).

“Artigo 6.-Bases de imposición e tipos de gravame.

As bases de imposición e tipos de gravame son os recollidos nas seguintes tarifas:

Tarifa primeira.- Subministración de auga:

- Por cada metro cúbico de auga subministrada, medidos por contador ou estimados na forma disposta no apartado 6 do art. 7, pagaranse 0,295 €.

- Fíxase o mínimo de percepción en 26,55 € ao trimestre, con dereito a recibir 90 m³ de auga en igual período

Tarifa segunda.- Rede de sumidoiros:

- Satisfarase unha tarifa mínima de 56,50 € ao trimestre. As empresas que reciban un volume de auga superior aos 600 m³ trimestrais, satisfarán sobre o exceso unha tarifa adicional de 0,065 por cada m³.

Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.”

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse

no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal nº 4.

4º.- A ordenanza fiscal nº 4 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2014.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da Ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

34.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NO CONSERVATORIO DE DANZA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de analizar a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa por servizos no Conservatorio de Danza.

Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.

Texto proposto para a Ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NO CONSERVATORIO DE DANZA (artigo 6).

"Artigo 6.- Bases de imposición e tipos de gravame

As bases de imposición e tipos de gravame son os recollidos na seguinte tarifa:

1.- Matrícula anual, cada alumno, 42,05 €

2.- Cota mensual de ensino, calquera que sexa a súa natureza e a súa duración diaria; cada alumno, 25,25 €.

Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.”

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederáse á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal nº 10.

4º.- A ordenanza fiscal nº 10 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor para o curso escolar 2014/2015.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá ela, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

35.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS EN ESTABLECEMENTOS PROVINCIAIS DE SERVIZOS SOCIAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal nº 11 reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de Servizos Sociais.

Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.

Texto proposto para a Ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS EN ESTABLECEMENTOS PROVINCIAIS DE SERVIZOS SOCIAIS (artigo 5).

"Artigo 5.- Bases de imposición e tipos de gravame.

As bases de imposición e os tipos de gravame son os recollidos nas seguintes tarifas:

1.- Tarifa: *Cando se trate de servizos que corresponda prestar a entidades con competencias en Servizos Sociais para menores, e os devanditos servizos se soliciten desta Deputación para ser prestados nos seus centros, salvo convenio regulador, fíxanse as tarifas seguintes:*

- Fogares infantís e xuvenís:

a) Internos, cada un ao día 130,65 €

b) Fogar de día:

b.1.- Integral 98,00 €

b.2.- Básico 39,25 €

2.- *Cando existan convenios, as ditas tarifas poderán ser modificadas de acordo a intereses coincidentes das partes implicadas, recolléndose o novo prezo no pertinente convenio.*

3.- *Estas tarifas enténdese sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deban realizar os impostos indirectos que graven a prestación do servizo o acto suxeito."*

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederáse á publicación íntegra das modificacións da ordenanza fiscal nº 11.

4º.- A ordenanza fiscal nº 11 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2014.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da Ordenanza así como a data a partir da cal rexerá ela, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

36.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 12 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZOS NO CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE CALVO SOTELO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal nº 12 reguladora do prezo público por servizos no Centro Residencial Docente Calvo Sotelo.

Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.

Texto proposto para a Ordenanza co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA Nº 12 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZOS NO CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE CALVO SOTELO (artigos 3 e 4.1).

"Artigo 3.- Non obrigados ao pagamento.

Os membros de familias cuxos ingresos brutos anuais de cada membro da unidade familiar non sexa superior á metade do IPREM (Indicador público de renda de efectos múltiples) no mesmo período.

O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas.

Os ingresos brutos entenderanse como a base imponible do IRPF ou os que acrediten por outro medio cando o beneficiario ou usuario non teña obriga de presentar o IRPF, correspondente ao período impositivo inmediatamente anterior ao da solicitude de ingreso.

Artigo 4.- Contía.

1.- *As tarifas do prezo público serán as seguintes:*

Centro Residencial Docente Calvo Sotelo:

- a) *Internos, cada un ao mes, 217,70 €*
- b) *Medio-pensionistas, cada un ao mes, 64,75 €*
- c) *Tique Comedor Día, 4,90 €"*

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establece o artigo 49.b) da Lei do 7/85 de 2 de abril, de bases de réxime local.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza nº 12.

4º.- A ordenanza nº 12 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 49.c) e unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor para o curso escolar 2014/2015.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da Ordenanza así como a data a partir da cal rexerá ela, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 49.c) e unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local."

37.-MODIFICACIÓN ORDENANZA Nº 13 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DA PISTA POLIDEPORTIVA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal nº 13 reguladora do prezo público por utilización da pista polideportiva.

Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.

Texto proposto para a Ordenanza co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo. Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA Nº 13 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DA PISTA POLIDEPORTIVA (artigo 4.2).

"Artigo 4.- Contía.

2.- *A tarifa do prezo público será:*

- *Pola utilización da pista polideportiva e de todos os servizos complementarios de que dispoña (duchas, vestiarios, etc.). Por cada hora ou fracción de hora superior a 30 minutos, 29,60 €."*

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establece o artigo 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril, de bases do réxime local.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza nº 13.

4º.- A ordenanza nº 13 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 49.c) e unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local, a ordenanza publicarse no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2014.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da Ordenanza así como a data a partir da cal rexerá ela, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 49.c) e unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local."

38.-MODIFICACIÓN ORDENANZA Nº 14 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO PAZO DE MARIÑÁN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza nº 14 reguladora do prezo público por utilización do Pazo de Mariñán.

Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.

Texto proposto para a Ordenanza co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA Nº 14 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO PAZO DE MARIÑÁN (artigo 4.2).

“Artigo 4.- Contía.

2.- As tarifas do prezo público serán as seguintes:

Tarifa primeira

Aloxamento:

1.- Aloxamento.- Só habitación con almorzo:

a) Habitación dobre ocupada por 2 persoas, cada unha ao día, 41,45 €

b) Habitación dobre ocupada por unha soa persoa, ao día, 57,00 €

Tarifa segunda.-

Manutención soamente:

1.- Alimentación completa: Almorzo, xantar e cea, cada persoa e día, 41,45 €

2.- Servizos soltos:

a) Cada almorzo, 3,45 €

b) Cada xantar 20,75 €

c) Cada cea, 20,75 €

d) Cada café, 1,55 €

Manutención soamente (en festivo, sábado ou domingo (grupo de 30 persoas ou máis)):

1.- Alimentación completa: Almorzo, xantar e cea, cada persoa e día, 50,70 €

2.- Servizos soltos:

a) Cada xantar, 25,35 €

b) Cada cea, 25,35 €

Tarifa terceira

Cesión locais e instalacións:

A cesión temporal de uso de salas de conferencias, reunións e demais dependencias cuxa utilización se autorice para actos, asembleas, cursos, etc., non patrocinados por esta Deputación e con independencia de facturas por outras tarifas desta ordenanza.

| | <u>CON ALOXAMENTO</u> | <u>SEN ALOXAMENTO</u> |
|---|-----------------------|-----------------------|
| a) Salón de actos capacidade ata 140 persoas (por día e local) | 258,85 € | 414,15 € |
| b) Salón de conferencias capacidade ata 103 persoas (por día e local) | 207,10 € | 258,85 € |
| c) Salón da Bodega capacidade ata 35 persoas (por día e local) | 162,25 € | 207,10 € |
| d) Aula 3 capacidade ata 30 persoas (por día e local) | 155,30 € | 162,25 € |
| e) Aula 2 capacidade ata 20 persoas (por día e local) | 124,25 € | 155,30 € |
| f) Sala Martínez Barbeito capacidade ata 15 persoas (por día e local) | 93,20 € | 124,25 € |

Tarifa cuarta

Servizos extras:

1.- Alimentación a base de menú especial con motivo de clausuras e outros motivos, solicitados polos interesados conforme o presuposto ofertado pola gobernanta do pazo co visto bo do xefe de Relacións Públicas e aceptado polo obrigado ao pagamento.

2.- Servizos de bar ou cafetería – se os houberse – ao prezo que para o efecto se fixe.

3.- Nos supostos en que a actividade ou servizo que se desenvolva no Pazo de Mariñán, logo de autorización, non atope tarifada na presente ordenanza, delégase na Xunta de Goberno, conforme ao artigo 32 da Lei 7/85, do 2 de abril, o establecemento da tarifa por proposta do servizo técnico correspondente con informe da Intervención Xeral.”

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establece o artigo 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril, de bases do réxime local.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza nº 14.

4º.- A ordenanza nº 14 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 49.c) e unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2014.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da Ordenanza así como a data a partir da cal reixerá ela, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 49.c) unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local.”

39.-MODIFICACIÓN ORDENANZA Nº 15 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO IES CALVO SOTELO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal nº 15 reguladora do prezo público por utilización do IES Calvo Sotelo.

Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.

Texto proposto para a Ordenanza co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Informe preceptivo da Intervención provincial.

1º.- Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº15 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO IES CALVO SOTELO (artigo 4.2).

"Artigo 4.- Contía.

2.- As tarifas do prezo público serán as seguintes:

a) Aula básica: capacidade para 20 persoas (mesa e cadeira individual, encerado, mesa e cadeira para relator). 10,15 € hora.

b) Aula con proxector: capacidade para 20 persoas (proxector, pantalla de proxección, mesa e cadeira individual, encerado, mesa e cadeira para relator). 13,20 € hora.

c) Aula de informática: capacidade para 20 persoas (proxector, pantalla de proxección, mesa, cadeira e computador individual, impresora en rede, mesa, cadeira e ordenador para relator). 15,25 € hora.

d) Taller de electricidade: capacidade para 20 persoas (proxector, pantalla de proxección, posto de traballo individual, ferramentas básicas e maquinaria específica). 20,30€ hora.

e) Taller de carpintería, impresión, mecanizado, preimpresión e soldadura: capacidade para 20 persoas (posto de traballo individual, ferramentas básicas e maquinaria específica). 30,45 € hora.”

2º.- Este acordo estará exposto ao público no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establece o artigo 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril, de bases do réxime local.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, procederase á publicación íntegra das modificacións da ordenanza nº 15.

4º.- A ordenanza nº 15 comezará a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra ela, de conformidade co sinalado no art. 49.c) e unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local, a ordenanza publicarse no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2014.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, e aprobará a redacción definitiva da Ordenanza así como a data a partir da cal rexerá, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 49.c) unha vez transcorrido o prazo disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local.”

40.-INFORMACIÓN REMITIDA A ENTIDADES PÚBLICAS DURANTE O SEGUNDO E TERCEIRO TRIMESTRE DE 2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“PRIMEIRO: Tomar coñecemento da información remitida á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e ao Tribunal de Contas durante o segundo e terceiro trimestre do exercicio 2013.

SEGUNDO: Poñer a disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de internet da Deputación provincial, cando tecnicamente sexa posible.”

41.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA A 30.09.2013 E PROYECCIÓN A 31.12.2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria a 30/09/2013 e proxección a 31/12/2013.”

42.-MODIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS NOMINATIVAS RECOLLIDAS NA BASE 49ª DAS DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Incorporar as subvencións nominativas recollidas na base 49ª do Orzamento provincial do exercicio 2013 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do Regulamento da lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño:

| APLICACIÓN PRESUPOSTARIA | BENEFICIARIO | CIF/NIF | OBJECTO E FINALIDADE | IMPORTE ACHEGA | PRESUPOSTO SUBVENCIONADO | % FINAN. |
|--------------------------|------------------------------------|-----------|--|----------------|--------------------------|----------|
| 0601/335A/46201 | Concello de Santiago de Compostela | P1507900G | X Festival internacional de curtametraxes Curtocircuíto 2013 | 112.000,00 | 140.000,00 | 80,00 |

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90

Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

43.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 4/2013 DE APROBACIÓN POLO PLENO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 4/2013 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento xeral por un importe de 13.579.016,47 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

| | |
|-------------------------------|----------------------|
| CE. Créditos extraordinarios: | 8.996.928,63 |
| SC. Suplemento créditos: | 4.582.087,84 |
| Total de aumentos: | 13.579.016,47 |

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

| | |
|----------------------------|----------------------|
| Remanente de tesourería: | 13.579.016,47 |
| Total financiamento | 13.579.016,47 |

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

| Capítulo | Altas | Baixas |
|---------------------------------|----------------------|-------------|
| 1. Gastos de persoal | 0,00 | 0,00 |
| 2. Gastos correntes | 248.000,00 | 0,00 |
| 3. Gastos financeiros | 0,00 | 0,00 |
| 4. Transferencias correntes | 724.263,70 | 0,00 |
| 5. Fondo continx .e outros imp. | 0,00 | 0,00 |
| 6. Investimentos reais | 280.000,00 | 0,00 |
| 7. Transferencias de capital | 9.426.752,77 | 0,00 |
| 8. Activos financeiros | 0,00 | 0,00 |
| 9. Pasivos financeiros | 2.900.000,00 | 0,00 |
| TOTAL MODIFICACIÓNS | 13.579.016,47 | 0,00 |

B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

| Capítulo | Altas |
|-----------------------------------|----------------------|
| 1. Impostos directos | |
| 2. Impostos indirectos | |
| 3. Taxas e outros ingresos. | |
| 4. Transferencias correntes | |
| 5. Ingresos patrimoniais | |
| 6. Alleamento investimentos reais | |
| 7. Transferencias de capital | |
| 8. Act. Finan. Reman. Tesourería | 13.579.016,47 |
| 9. Pasivos financeiros | |
| TOTAL MODIFICACIÓNS | 13.579.016,47 |

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2013 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA ELIMINAR O COPAGAMENTO DE MEDICAMENTOS A PERSOAS DOENTES CRÓNICAS NON HOSPITALIZADAS NA SANIDADE PÚBLICA.

INTERVENCIONS

Sr. Regueira Varela

O pasado mes de setembro o Goberno do Estado estableceu unha modificación nas condicións de financiamento dos medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do sistema estatal de saúde. Con esta resolución o Goberno do Estado fixa un novo copagamento para os medicamentos porque temos que lembrar que os medicamentos non son gratuítos, xa os estamos pagando, e supón un novo imposto, ou nós entendemos que é un novo imposto á enfermidade. Desde o 1 de outubro, 42 medicamentos de dispensación hospitalaria a persoas doentes crónicas con doenzas graves, deixarán de ser dispensados sen custo polo que haberá que pagar o 10% deste, ata o límite de 4,20 euros, agás aqueles que estiveran exentos. Son fármacos para o tratamento de enfermidades tan graves como o cancro, tumores, leucemia, hepatite C, artrite reumatoide, dexeneración muscular entre outras. Estamos falando de persoas na maioría dos casos polimedicadas, para as cales este novo imposto á enfermidade supón unha carga moi importante na súa economía.

Non podemos esquecer que moitas persoas con enfermidades graves pertencen a núcleos familiares nos cales non entra ningún tipo de ingreso, isto é afondar máis na situación de grave deterioro que ten unha boa parte da nosa sociedade, que non é capaz nin de conseguir recursos suficientes para comer, e que agora vai ter moitas dificultades para sobrevivir se padece unha enfermidade destas características e grave.

Nós consideramos que esta medida é unha medida inxusta, é unha medida moi pouco sensible, é unha medida inhumana, e cremos que é unha medida contra a cal temos que loitar con todas as nosas forzas. Polo tanto, nós pedimos que dende aquí nos posicionemos a favor dos seguintes acordos:

Primeiro, instar á Xunta de Galicia a que demande a derogación desta resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece este novo copagamento para medicamentos; instar á Xunta de Galicia para que non se aplique esta resolución en Galicia e trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galicia e ao presidente do Goberno do Estado.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, como os señores e señoras deputadas saben, desde o pasado 1 de outubro entrou en vigor a normativa de sanidade que establece un copago para corenta e dous fármacos destinados a tratar pacientes crónicos ou con enfermidades graves, como son artrite, cancro, hepatite, esclerose múltiple e determinados tratamentos de fertilidade, fármacos que ata agora estaban á marxe do copago farmacéutico, son medicamentos que se dispensan nas farmacias dos

hospitais a pacientes non ingresados e que ata agora eran gratuítos, a partir do día 1 deste mes estes medicamentos están suxeitos a un copago máximo do 10% do prezo, cun tope de 4,20 euros por fármaco. Esta medida concitou o rexeitamento unánime da sociedade, partidos políticos, sindicatos, profesionais da medicina, da Sociedade Española de Farmacia Hospitalaria, da Asociación Española contra o Cancro, do Comité español de Representantes de Persoas con Discapacidade, da Federación Española de Pais de Nenos con Cancro, de varias comunidades autónomas. É unha medida que se xustifica por parte do goberno para garantir a sostibilidade do sistema sanitario público cando só afecta a menos do 0,1% do gasto farmacéutico hospitalario. Non hai razóns económicas que xustifiquen esta medida, aquí, como noutras actuacións do Goberno, que establecen recortes en servizos públicos, son razóns ideolóxicas o que xustifican estes recortes, como pasa na sanidade, nas pensións, ou na reforma laboral. Os Gobernos do Partido Popular están aproveitando a crise económica para recortar servizos, recortar dereitos, dismantelar o estado de benestar, aplicando unha ideoloxía que defende a redución do Estado á mínima expresión, e o poder omnímodo dos mercados, sen ningún tipo de control ou de regulación por parte do Estado.

O copago ten dous obxectivos, por unha parte un obxectivo disuasorio, o de racionalización dese uso e recadatorio. Neste caso non se cumpre ningún dos dous obxectivos, o que pon de manifesto que é unha razón puramente ideolóxica, que non ten ningún substrato económico nin de sostibilidade do gasto sanitario. Os pacientes son crónicos, e con tratamentos continuos, e é imposible que os medicamentos sobren e se acumulen nos botiquíns das casas, e por outra banda, non se recada case nada, recádase o mínimo, non ten efectos apreciables sobre a recadación. Posiblemente, o custo da xestión do cobro sexa maior que a cifra que se aforra polo copago. Segundo a conselleira de Facenda da Xunta de Galicia, o importe desta medida supón un aforro para Galicia de apenas 200.000 euros, por estas razóns imos votar favorablemente o punto número 1 da moción do Bloque Nacionalista Galego, que solicita a derogación desta medida. Non podemos votar a favor do punto dous, que insta á Xunta de Galicia para que non aplique esta resolución, e non podemos votar porque entendemos que se votamos isto estamos incitando á prevaricación, non podemos apoiar unha desobediencia civil cando non nos gusta unha norma, as leis, as normas, temos que cumprilas aínda que non nos gusten, e isto é o que xera seguridade xurídica nos países e é o que nos diferencia das repúblicas bananeiras. Xa Platón nos seus diálogos dicía, atribuíndolle a Sócrates, que as leis inxustas non deben de incumprirse, deben modificarse. Por iso propoñemos unha emenda de substitución ao punto número dous, que paso a ler.

Substituír o punto número dous da moción do Bloque por esta redacción: "Instar á Xunta de Galicia para que recorra esta resolución, pedindo a suspensión cautelar da súa aplicación e alternativamente, que se faga cargo do copago", e con esta modificación nós votariamos a favor da moción do Bloque Nacionalista Galego, por entender que é unha medida que responde a intereses ideolóxicos, a formulacións ideolóxicas, que non é unha medida que afecte á sostibilidade do sistema sanitario, e que é unha medida, que segundo palabras da conselleira de Facenda da Xunta de Galicia, supón un aforro escaso de 200.000 euros para Galicia.

Sr. López Crespo

Sras. e Sres. deputados. Sobre esta moción, contestando na parte que sexa posible simultaneamente ao BNG e ao PSOE, que a avalan os dous, hai unha primeira parte que é unha norma básica de carácter nacional, entón respecto á falta de sensibilidade que lle atribúe o voceiro do BNG, eu coido que isto noutra parte da miña exposición poderei dicir que non está demostrada esta falta de sensibilidade, senón que todo o contrario. Respecto a que pouco aforro na contía económica, hai que dicir que precisamente por iso, porque forma parte dunha reforma moito máis grande en todo o que é a sanidade nacional, todas as partes nas que se poida aforrar débense de aproveitar, e neste caso estase aforrando non por ideoloxía nin para desmantelar os servizos sociais, existen os enfermos crónicos, existen os enfermos que van aos hospitais, e estes medicamentos antes podíanlle custar nalgúns casos máis, ían ás oficinas de farmacia, que tiñan un 20% de beneficio, e compraban estes medicamentos, agora danllos no hospital e non pagan nunca máis dos catro euros. Deben de falar que hai medicamentos que poden valer dez euros e que pagarían 40 céntimos, pero hai medicamentos que poden valer 3.000 euros e seguen pagando 4 euros, 3.000 euros, existen moitos destes. Houbo outras partes da historia, das que non vou entrar, da xestión da democracia española, onde outros gobernos eliminaron de golpe 1.200 medicamentos por razóns de economía, non pasou nada, nin ninguén botou as mans á cabeza.

Sobre o da emerxencia social, é posible que poidamos pensar representantes dos municipios, que van estes doentes crónicos a caer incluso na antesala da morte, por falta destes medicamentos?, é posible?, isto non é vangardismo na política social, isto pódono considerar certos alcaldes neste momento, de Galicia, que queren facer vangardismo social con isto, hai moito tempo que nos concellos hai unha partida nos orzamentos, que se chama emerxencia social, e pódese meter dende alimentos no supermercado á cota da hipoteca deste mes que non a pode pagar, incluso pódese pagar o carné de conducir dunha señora que ten un fillo e que non ten transporte escolar e está disposta a comprar un coche, e o concello págalle o carné de conducir, ata iso se pode facer, por certo, cunha subvención recibida desta Deputación en servizos sociais, pódese gastar niso. Deixen por favor o tema desa falta de sensibilidade, deixen o tema de deixar os pobres doentes na antesala da funeraria.

E despois teño que dicir ao fío desta moción, claro que hai alcaldes que están dicindo, ímolo pagar, ímolo pagar, ímolo pagar, home, o Sr. Moreda na súa defensa pide que a Xunta pague isto. Mire, os concellos levamos moito tempo pelexando para que se nos saquen funcións que non nos son propias, e non nos son propias entre outras cousas porque hai servizos que deben de ter a calidade, universalidade e gratuidade, estes historicamente foron a educación e a sanidade, nestes momentos xa os servizos sociais case empezan a ser, eu persoalmente creo que debía de ser tamén un servizo universal e gratuíto, centros de día, residencias, pero é outro tema. Entón, por qué agora, despois de vinte anos que levan a Federación Galega de Municipios e Provincias pelexando cunha unidade encomiable, e voume permitir recordar historicamente a eses líderes deses grupos, do PP, do PSOE e do Bloque, que estaban na Fegamp pelexándose, chegaban a pelexarse case materialmente co señor conselleiro de quenda, á sazón o Sr. Palmou, e co señor presidente de quenda, á sazón, don Manuel Fraga, pois José Crespo, de Lalín, Anxo Quintana de Allariz e Patxi Vázquez, do Carballiño, mantiveron loitas moi duras para que nos sacaran o mantemento dos colexios e que nos sacaran o mantemento dos centros de saúde, e agora nós dicimos que queremos asumir o copago dos doentes crónicos dos medicamentos hospitalarios?, por favor, levemos o debate a outro foro, levemos o

debate a outro nivel da administración, pero estes argumentos non os podemos facer. Pero tamén é certo, estamos neses mandatos de catro anos, estamos nos dous anos de gobernar, e agora ao mellor entramos nos dous anos das próximas eleccións, a ver se gañan, se este é o debate, pero eu pido moitísima seriedade.

Suprimir o adxectivo de ideolóxico a este copago, como pode caer tan baixa unha ideoloxía que por 250.000 euros nos deixamos ir aí?, non se pode abaratar tanto a ideoloxía, será un exceso de rigor na redución do gasto e na contención do gasto público, pode ser un exceso de rigor, pero dicir que é unha cuestión ideolóxica para deixar libremente e privatizar isto, non. Desde logo, non se falou do colectivo dos farmacéuticos, están enfadadísimos, o colectivo de farmacéuticos, e eu entendo por qué. Nada máis, lamentamos algunhas cualificacións que se nos fan, lamentamos desde o municipalismo certos oportunismos dalgúns concellos e alcaldes sobre este tema, e pedimos sensatez e pedimos unidade de novo no municipalismo para loitar contra quen nos quere dividir, e esta é unha cuña que está nesa liña. Moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Efectivamente, imos aceptar a emenda do PSOE que cremos que mellora considerablemente a redacción do punto dous que tiñamos expresado na nosa moción, polo tanto, queda aceptada. Dicirle tamén ao Sr. Moreda que ás veces xa isto da República bananeira xa a liña divisoria é tan fina e tan difícil de distinguir que un xa non sabe cales son as repúblicas bananeiras e cales son os países avanzados democraticamente. Polo tanto, eu creo que xa facer esas distincións ás veces, a min chócame bastante porque, en fin, eu xa ás veces non son capaz de distinguir que é qué e qué é a outra cousa.

Sr. López Crespo, eu con todos os meus respectos, se vostede me di que non é pouco sensible, ou que é sensible facerlle pagar a un doente crónico unha enfermidade terminal, por ter o seu medicamento para curarse, entenderao vostede, eu e o meu grupo non o entendemos, realmente paréceme todo o contrario. Eu creo que, non podemos confundir, e a min dáme a sensación que na súa exposición trataba de confundir diferentes termos, eu creo que non hai que confundir caridade, emerxencia social, risco de exclusión social, con outros termos que son os que expresamos nós na nosa moción, e que son os que subxacen detrás desta medida do Goberno do Estado, que é a xustiza e o dereito, hai que facer xustiza e hai que cumprir co dereito que temos todos a unha saúde pública, gratuíta e de calidade, porque a pagamos, non se nos está dando nada. E pasamos de ser unha referencia en cuestión de servizo público de saúde para o mundo enteiro a agora mesmo poñer en perigo a vida das persoas porque eu escoitando a súa intervención, e tamén escoitando en parte a do Sr. Moreda, lembrábame de hai moi pouquiños anos, onde había outro Grupo no Goberno do Estado, que se dedicaba tamén a comparar todo co prezo dun café, isto subiu o que subiu un café, subimos isto que é o que custa un café. Problema?, que a estas alturas, na nosa sociedade, nesta provincia, nos nosos concellos, hai xente que non pode pagar o seu café, pero non é que non se poida pagar o café, é que non pode pagar o café, non pode pagar os libros de texto, non pode pagarlle roupa de abrigo aos seus nenos e as súas nenas, e non pode pagar os medicamentos padecendo unha enfermidade moi dura, e incluso ás veces, por desgraza, mortal. E vostedes, con esta medida, o Grupo ao que pertencen vostedes, vailles facer pagar, non o café, vailles facer pagar a medicación necesaria para sobrevivir, iso para min é pouca sensibilidade.

E o curioso de todo isto é que, efectivamente, para sobrevivir faise pagar, pero cando hai outras enfermidades económicas en sectores financeiros moi potentes, que nos causan bastante sufrimento, ou que nos levan causado bastante sufrimento, artículanse inxentes cantidades de millóns de euros de fondos para rescatalos. Entón, deixamos á deriva ás persoas e dedicámonos a rescatar a quen non necesita rescate.

Polo tanto, eu con toda a educación de que podo facer gala e coa que podo expresarme, a min non me diga que teño que retirar o da falta de sensibilidade deste punto porque eu considero que moi poucas veces se demostra tan pouca sensibilidade como neste aspecto. E despois hai unha cuestión que eu non o entendo da súa exposición, e permítame que llo diga, nós estamos nesta moción simplemente pedindo a derogación dunha norma, aquí non entramos, nós non expuxemos en ningún caso se os concellos tiñan que pagar, se os concellos non tiñan que pagar, ou se queremos que os concellos paguen, iso non está no debate. Nós consideramos que esta norma é inxusta, que é gravosa sobre todo para as persoas máis desfavorecidas e, polo tanto, consideramos que sería de xustiza, e ademais eu creo que non hai que confundir xustiza e dereito con caridade, repito, sería de xustiza e sería atender ao dereito, que a medicación dos doentes destas enfermidades tan complicadas sexa, como sempre foi, gratuíta, porque xa na maioría dos casos, ou en todos os casos, xa pagaron.

Sr. Fernández Moreda

Grazas. Si é unha medida ideolóxica, Sr. López Crespo. Dende a caída do muro de Berlín, da caída do muro comunista, da caída do muro de Berlín, rompeuse un pacto básico da política europea. Despois da segunda guerra mundial fíxose un acordo para frear ao comunismo, lembremos, a Unión Soviética expandíase por Bulgaria, Romanía, Checoslovaquia, todos os países que formaron parte da órbita dos países do leste, e a socialdemocracia europea, e a democracia cristiá europea fixeron un pacto para frear ao comunismo, a esquerda aceptaba a propiedade privada e a dereita aceptaba o estado do benestar, e foi un pacto básico que se mantivo dende a segunda guerra mundial en todos os países europeos, en España empezamos a construílo coa chegada da democracia. Este pacto rompeuse, e era un pacto que mantiña un Estado forte que garantise a igualdade de oportunidades, que garantise a redistribución da renda e da riqueza entre os cidadáns, que garantise a prestación duns servizos públicos esenciais, a sanidade, a educación, as pensións, e ao mesmo tempo coexistise cun mercado forte que asignase recursos, que fixase prezos, que permitise ás persoas desenvolverse en función das súas capacidades, e iso quebrouse, e é o trunfo da ideoloxía liberal que representa o Partido Popular en España, e vostedes están tomando medidas que non teñen razóns ideolóxicas, utilizan a crise económica para xustificar medidas ideolóxicas que prexudican a unha parte importante do seu electorado, e eu non teño nada que dicir, e o que defenden, gañaron as eleccións por maioría absoluta, e pódeno facer, por iso digo que as leis hai que cumprilas, porque se non xeramos inseguridade xurídica, e iso o que diferencia a un país serio, organizado, de un país bananeiro, utilizo a expresión bananeira porque é a que se utiliza habitualmente. E estase quebrando o estado de benestar, estase atentando contra os dereitos dos cidadáns, e estase atentando por razóns ideolóxicas, porque se incide sobre o gasto, nunca se incide sobre os ingresos, sempre sobre o gasto, e o gasto penaliza ás clases máis desfavorecidas e

ás clases medidas, e estamos vivindo un proceso de empobrecemento progresivo das clases medias en España, e eu creo que é unha medida ideolóxica.

Segundo, efectivamente, adoptáronse medidas para suprimir 1.200 medicamentos, pero non se retiraron 1.200 medicamentos, cambiáronse por xenéricos, e iso non prexudica aos cidadáns, iso prexudica aos beneficios dos laboratorios farmacéuticos, pero non prexudica á calidade asistencial e á calidade dos fármacos que reciben os cidadáns.

Terceiro, estes 46 fármacos que se dispensan dende hai tempo nos hospitais, non se venden nas farmacias, véndense só nas farmacias hospitalarias, eran gratuítas, a partir do 1 de outubro, hai que pagar, e 4,20 euros non é nada, pero 4,20 euros, por seis, ou sete, ou oito medicamentos para unha persoa xubilada, que recibe 500 euros de subsidio, e que ten que pagar o aluguer dun piso, os gastos de luz, é moito.

Terceiro, un copago xustifícase como elemento disuasorio, aquí non hai ese elemento de disuasión porque a xente non acumula, é certo que a xente acumula, vai á farmacia e compra unha caixa de aspirinas, e toma dúas e deixa vinte sen usar, e dentro de quince días compra outra vez e ten dezaioito na casa sen usar, aquí non pasa iso porque son tratamentos de crónicos e de longa duración, non se acumulan os medicamentos, non hai un mal uso deses medicamentos, e ten un efecto recadatorio, cando se xustifica o copago é efecto disuasorio e efecto recadatorio, non hai efecto recadatorio, segundo a Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, aforra escasamente 200.000 euros, esa non é unha razón para prexudicar a miles de persoas e miles de familias que van ter dificultades para facer isto e van ter que deixar de tomar os medicamentos porque non teñen diñeiro. Sei que parece grave e demagóxico pero é a realidade, é a realidade do que está pasando. E o que propón o Bloque Nacionalista, nós o defendemos, pedir que se derroga, porque non afecta á sostibilidade do sistema sanitario, para nada, e pedir que por outra parte a emenda nosa di que se recorra, que se pode recorrer, a Xunta de Galicia pode recorrer esta disposición, é unha disposición dunha Dirección Xeral do Ministerio de Sanidade, e eventualmente, que se pida a suspensión cautelar mentres non se acepte isto, e que a Xunta arbitre os mecanismos para que non teñan que estar oitenta ou noventa concellos pagando os medicamentos destas persoas, que arbitre os mecanismos para fixar unha partida presupostaria de 200.000 euros, que pague isto e manteña o servizo, creo que é unha razón de xustiza, non é un tema de insensibilidade, nin de demagogia, nin de nada, é un tema que defendemos nós, porque contrariamente ao que a xente cre, e ao que se está difundindo con intereses espurios, de que os partidos políticos son todos iguais, e de que os políticos son todos iguais, é mentira, os políticos teñen ideoloxías, e os partidos defenden intereses diferentes, e a dereita defende uns e a esquerda defende outros, e chegamos a este punto, e vostedes non serán capaces de ter a sensibilidade suficiente para defender unha cousa que estamos pedindo, que entendemos que é natural, que é lóxica e de xustiza.

Sr. López Crespo

Vou a contestar polo máis próximo que foi a intervención do Sr. Moreda. Case lle admito todo, pero vostede dixo “dirá que é demagóxico, vai haber doentes que van ter que deixar de tomar os medicamentos porque non os poden pagar”, reflexione

despois do Pleno sobre esa afirmación, e despois do Pleno dígame, Carlos é posible que teña que reconsiderar o que dixeran.

Non é ideolóxica, se fose unha medida ideolóxica, dese neoliberalismo do que vostede fala, vostede cre que o neoliberalismo para o capitalista íase fixar en 250.000 euros, vostede cre?, ese é o argumento que utilizan vostedes neste momento. Por certo, utilízano cunha carga de ideoloxización da política local, cousa que é o primeiro que debemos de ter en conta que na política local é fundamental sacarlle a ideoloxía porque iso lévanos a posturas moi pechadas que non nos fan ver consensos e nos fan ver solucións en común. Como é posible que se diga que esta é unha medida, que se aproveita a crise, do liberalismo económico?, como é posible dicir iso? Un día, de hai un ano e pico, a Sra. Merkel, non sei se escoitada polo Sr. Obama, chamou ao Sr. Zapatero, e díxolle “José Luis, leva á Constitución a limitación do gasto público, leva á Constitución a limitación”, José Luis colgou, non sei se escoitado por Obama, e chamou a Mariano “oe, Mariano, que dime isto a Ángela”, “que insensata a Ángela”, diríalle supoño, “pero non te preocupes, lévao que o aprobamos”, e aprobouse e levouse á Constitución española a limitación do gasto, e isto é unha consecuencia da política activa do Partido Popular para limitar o gasto público, e esta é unha das consecuencias, igual que esta, outros moitos recortes que foron impostos. Así que, por favor, non diga que é unha querenza natural, -iso dígo eu, non o dixi vostede-, do Partido Popular a unha aliñación co liberalismo económico procapitalista, -iso non o dixi vostede-, neste momento.

E xa, eu agradézolle moito o recurso ás orixes dese entendemento entre os comunistas e a socialdemocracia e incluíu á democracia cristiá onde uns aceptaban a propiedade privada e outros aceptaban o estado do benestar. Eu pregúntolle agora, non me conteste que sei que o sabe, Noruega, Suecia, Dinamarca, de que lado estaban?, do lado dos comunistas ou do lado da socialdemocracia ou da democracia cristiá?, da democracia cristiá ou da socialdemocracia, pois nestes sitios lévase vinte anos, non co copago, co pago racional en función da situación económica do cidadán, porque non hai nada, e isto dígo para o Sr. do Bloque tamén, nada máis inxusto na sociedade que a homoxeneización da poboación en canto á economía se refire. Todos temos dereito á xustiza, todos temos dereito á sanidade, pero non todos temos dereito ás mesmas cousas dende o punto de vista económico, é dicir que a homoxeneización é a maior inxustiza que hai.

E xa para rematar, descúlpenme presidente e compañeiros. Eu sei que o voceiro do Bloque seguro que é sensible, seguro que no seu concello non vai morrer ninguén por falta de pago, pero non sigan dicindo que o Partido Popular pon en perigo a vida das persoas con doenzas crónicas, non o diga, e eu pídolle que vostede, non sei se vostede é concelleiro de servizos sociais ou non, que vaia aos servizos técnicos do seu concello e que lle diga, oe, e se hai aquí algún veciño ou veciña que estea doente e non poida pagar os medicamentos, podemos pagalos os do concello?, verán como lle din que si.

E xa remato, estase utilizando o do copago polos concellos como un arma ideolóxica partidaria, e isto vainos crear unha división no municipalismo galego que non ten sentido, despois de vinte e cinco anos loitando moi duro pola unidade, e que acaba hai pouco na reunión da Fegamp de asinarse un acordo unánime sobre esa lei de sostibilidade, discutida, criticada e cabreados os alcaldes do PP tamén, non se reservan só vostedes o cabreo por esa lei, nós tamén, pero está unido o

municipalismo galego, alí o dixo o voceiro do PSOE, actual alcalde do Carballiño, o voceiro do Bloque, actual alcalde de Allariz, non son os mesmos que dixen antes, son distintos, do mesmo sitio, e o actual presidente da Fegamp, o alcalde de Ferrol, e esa unidade eu creo que pode facer algo no tratamento que se lle dea a esa lei, e se non fai nada empezaremos outro partido, pero por favor, non dividan o municipalismo por ese copago, o copago, ninguén vai morrer por iso, o copago forma parte da redución do gasto público, e a redución do gasto público forma parte da chamada de dona Ángela a don José Luis. Grazas.

Sr. Regueira Varela

A min dábase a impresión de que estaba asistindo a unha confrontación entre a FAES e IDEAS, era unha cousa así, era unha cousa curiosa isto, en todo caso eu non entrei no municipalismo para nada, chócame moito este discurso e insistir en non rompan vostedes a unidade do municipalismo porque eu estou propoñendo a derogación dunha norma estatal, non estou propoñendo absolutamente nada que teña que ver co municipalismo, unha norma estatal que consideramos inxusta e que vostede, implicitamente, tamén a considera porque vostede chamoulle un exceso de rigor do Ministerio, home, se non vai aforrar e se vai empeorar a calidade de vida das persoas, quítana, se non serve para nada, quítana. Pero pedíame vostede que vaia a servizos sociais, voulle explicar o que me encontro eu nos servizos sociais do meu concello agora mesmo, encóntrome unha chea de persoas, porque é un servizo ben dotado e que presta un servizo de calidade, con camisetas vermellas pedindo que por favor non se aplique a lei de reforma de réxime local que están vostedes intentando aprobar, porque vannos quitar a posibilidade de atender xustamente as grandes necesidades que ten agora a nosa sociedade, iso encontro eu nos meus servizos sociais, xente que non é nin do BNG, porque eu non sei de que son, nin do PSOE, nin do PP, son traballadores sociais, traballadoras de axuda a domicilio, técnicos e auxiliares, que terán a súa ideoloxía, uns votarán a uns, e outros votarán a outros, non o sei, pero todos teñen a camiseta laranxa pedindo que se manteñan os servizos sociais, que unha norma tamén estatal tamén quere aminorar ou sacar dos concellos directamente, de moitos deles, iso é o que encontro eu nos meus servizos sociais. A min o que non me gustaría encontrar nos meus servizos sociais, e dígollo con todo o respecto, e coa situación de que me digan que ao mellor non temos diñeiro para medicamentos e paguémoslle o carné de conducir a algunha persoa que necesita o carné de conducir, como dixo vostede, eu espero que no meu concello se paguen medicamentos, comidas, e situación de emerxencia social, o carné de conducir, de momento, non é imprescindible nesta vida, aínda que é moi necesario.

E xa que vostedes non queren que fagamos certas comparacións, eu tamén lle pido, Sr. López Crespo, que por favor non nos comparen con Suecia, con Noruega, con Finlandia, e con eses países, porque é que non hai comparación que o resista, e que o gasto social deses países non ten nada que ver co que se gastou historicamente no Estado español, e co que se está gastando agora mesmo, e que non resiste a comparación, que hai que pagar?, e que hai que pagar máis impostos?, efectivamente, pero é que os servizos que se lle prestan á sociedade están nas antípodas do que temos aquí, as garantías sociais están nas antípodas do que temos aquí, non ten nada que ver. E se estamos de acordo en que isto non vai aforrar moito, e que di vostede que non é unha cuestión ideolóxica, e que non vai aforrar moito, por favor, fágannos caso e pidan que se retire e que se derroge e punto, e nada máis, e

non entremos no municipalismo porque eu creo que realmente nesta moción non toca ese debate.

Sr. Presidente

Imos pasar á votación, e eu o que lles estaba a punto de pedir neste debate de fundacións, como dicía o voceiro do BNG, é que nas mocións o propoñente ten a quenda de exposición, a quenda de posicionamento por parte dos grupos, que se poden posicionar con respecto á moción presentada polo propoñente, e cerra o propoñente, polo tanto, a ver se nos afacemos ás mensaxes que queiramos trasladar todos as facemos na nosa quenda e non tan facilmente nos damos por aludidos, porque entón ao final isto acábese convertendo nun debate case, case sen ideas, ao final. Polo tanto, hai unha intervención, un posicionamento de cada un dos grupos, e pecha o propoñente, e así seguro que seremos máis áxiles e quedarán moito máis certas, porque moitas veces, non por moito máis falar se ten máis razón. Así que se lles parece pasamos á votación desta moción, entendo que dixo antes o portavoz do BNG que incorporada a emenda que presentou o Partido Socialista.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (9 do PSOE e 4 do BNG)

Votan en contra: 15 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA SOBRE AS SANCIÓN A PENSIONISTAS QUE PERCIBEN A SÚA PENSIÓN DE ESTADOS ESTRANXEIROS.

INTERVENCIÓNS

Sr. Leira Piñeiro

Bos días a todos e a todas. Dicar que eu non son moi partidario de traer a esta administración cuestións que poidan parecer impropias á hora do debate, e se me animei a traer esta moción foi pola petición que me fixeron moitos afectados ao longo de todos estes días, e loxicamente non podo ser insensible ante todo iso, concordo coas palabras que acaba de dicir o presidente agora, de que vou intentar centrarme na idea e na filosofía da moción, o contido desta, porque estou convencido que todos vostedes xa a leron, e terán un criterio máis ou menos formado.

Dicar que dende comezos de 2013 milleiros de pensionistas galegos que perciben pensións noutros países, sobre todo estoume neste caso centrando en Europa, porque é de onde veñen precisamente estes datos, están recibindo notificacións da Axencia Tributaria para que presenten declaracións complementarias da renda dende o ano 2008. Unha vez presentadas estas declaracións complementarias a Axencia Tributaria procede a abrílles o correspondente expediente e unha sanción por non ter cumprida a obriga de realizar esta declaración da renda. As reclamacións que se están levando a cabo tras a tramitación destes expedientes están dando como resultado sancións e en moitos casos con contías

bastante elevadas, máis aínda por riba se temos en conta que os afectados son pensionistas e ademais dánselles uns prazos que baixo o meu punto de vista son excesivamente curtos para afrontar o pago das ditas sancións, e que ademais hai que sumarlle a contía derivada das declaracións complementarias. Todo isto deriva da enorme confusión existente polos propios xubilados á hora de saber da súa obriga ou non de facer estas declaracións, ao que hai que engadir nalgúns casos, tal como denuncian afectados e afectadas, dunha insuficiente ou errónea información, tanto polos entes privados como incluso polos entes de carácter público.

Pois ben, ante esta situación entendemos que está xerando unha grave e alarmante situación nas persoas pensionistas e dado o número elevado de emigrantes que tiveron que volver a Galicia e se vén afectados por estas cuestións, o Grupo Socialista non pode ser insensible ante esta situación e estou convencido de que os aquí presentes tampouco o somos porque seguramente coñeceremos a moitas persoas achegadas a nós. Polo tanto, e tendo en conta esas actuacións e circunstancias e a situación económica na que nos encontramos neste momento e os altos niveis de desemprego e de empobrecemento das familias, moitas das cales incluso dependen para a súa supervivencia destas persoas, posto que non esquecemos que moitos deles neste momento son sustentos de moitas situacións que se están vivindo, e acabo, nos fogares.

Pois ben, eu quixera que desde esta administración se instase, neste caso á Xunta de Galicia, a regularizar a situación dos pensionistas, sen ser considerados como defraudadores fiscais, ofertándolle en todo momento información pormenorizada e homoxénea das súas obrigas fiscais. Habilitar por outra banda, se é o caso, para que teñen que afrontar estes pagos polas súas declaracións complementarias, períodos de pagamento, como xa dicía anteriormente, máis longos que os estipulados habitualmente, a prol de evitar un quebrantamento económico nas unidades familiares destes pensionistas e das súas familias, e por outra banda, eximir, de ser legalmente posible, do pago de sancións e xuros de mora a aqueles pensionistas que regularicen a súa situación fiscal.

Como ven vostedes, digamos que a filosofía desta moción non é outra que deixar claro que estas persoas non son defraudadores fiscais, que son persoas que entendemos que no seu momento non sabían da obriga de facer estas declaracións, e nalgúns casos non foron ben asesorados polas distintas administracións ou entes públicos. Polo tanto, pediríalle a vostedes, que estou convencido da súa sensibilidade ante este tema, que aprobaran esta moción por maioría. Moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Nós cremos que habería que ir un pouquiño máis alá, o BNG está solicitando a anulación destes expedientes incoados, e está pedindo tamén que se paralice a campaña de reclamacións e requirimentos. Entendemos que é o Estado quen ten a obriga, en todo caso, de facer cumprir coa legalidade en materia fiscal, non teñen culpa as persoas que ou descoñecían ou no seu momento non se lles requiriu. Evidentemente, nós pediríamos que se anularan todos os expedientes en trámite, que se paralizara todo este proceso de reclamacións e que se devolverse o diñeiro ás persoas que xa se lles cobrou, pero en todo caso, si tamén podemos asumir perfectamente o que reclama o PSOE, aínda que cremos que é un pouquiño máis

morno do que se podía reclamar nestes casos. Imos manifestar o noso apoio á moción.

Sr. López Crespo

Presidente, descúlpeme a traizón de que teña o micrófono na man, só polo carné de conducir que quedei moi incómodo, non queremos frivolidades. Chica de Cabana Moura, embarazo non desexado, alumeamento feliz, neno dun ano, “Crespo, non hai transporte escolar e eu quero mandar á gardería ao rapaz, teño quen me compre un coche pero non teño cartos para o carné, podédesmo pagar?”, “vaite á autoescola e pásanos á factura a nós”, desculpe, non pagamos carnés de conducir para outras cousas, era este o caso, e o rapaz durante dous anos trouxo a súa nai á gardería porque non había transporte escolar para pequenos. Perdón, presidente, por isto.

Alegrámonos dende o Grupo Popular que presenten esta moción porque de feito xa no Parlamento de Galicia houbo unha proposta neste sentido, e coido que estes tres puntos case literalmente foron aprobados por unanimidade, así que con esa sensibilidade que antes nos negaron e agora nos recoñecen, aceptamos e aprobamos, estamos de acordo con esta moción. Moitas grazas.

Sr. Leira Piñeiro

Darilles as grazas aos Grupos, por suposto que aquí podíanse poñer máis puntos, non cabe dúbida que si, pero como intento ser obxectivo e claro, eu estou convencido que con boa vontade estes puntos pódense ampliar moitísimo máis, e seguro que as persoas técnicas e que saben máis incluso que calquera de nós desta materia, así o van facer. Eu o que si pido é que nos poñamos as pilas e que todos rememos no mesmo barco e que estas persoas non son defraudadores fiscais, que como dicía é a filosofía desta moción.

Por unanimidade, apróbase a seguinte moción:

“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA SOBRE AS SANCIÓN A PENSÍONS DO EXTRANXEIRO

O Grupo Provincial Socialista, con base no disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación provincial esta MOCIÓN, con base na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende comezos de 2013 milleiros de pensionistas galegos, que perciben pensións doutros países (de momento parece que só do continente europeo), están sendo notificados pola Axencia Tributaria para que presenten declaracións complementarias da renda dende o ano 2008. Unha vez presentadas as ditas declaracións

complementarias a Axencia Tributaria abre o correspondente expediente de sanción por non ter cumprida a obriga de realizar a pertinente declaración da renda.

Estamos ante reclamacións de pensións de países como Alemaña, Francia, Suíza, Bélxica, etc. nos que estarían exentos de tributar no caso de ter que facelo neles. Ademais pode observarse o carácter discriminatorio que existe, xa que un xubilado que perciba unha pensión integramente do sistema da Seguridade Social español **non estará obrigado** a presentar a declaración da renda se os seus ingresos non sobrepasan os 22.000 euros anuais. Porén se percibe outra pensión por cotizar no estranxeiro e esta segunda pensión supón máis de 1.500 euros anuais o límite para non presentar IRPF baixa aos 11.200 euros anuais de ingresos. É dicir, un xubilado cunha pensión española de 1.000 euros/mes non presentaría IRPF, pero se ademais ten outra do estranxeiro de 125 euros/mes **si estaría obrigado a presentala**.

As reclamacións que se están levando a cabo tras a tramitación dos expedientes están dando como resultado sancións cuxas contías son excesivamente elevadas, máis se temos en conta que os afectados son pensionistas; e, ademais dáselles uns prazos excesivamente curtos para afrontar o pago das sancións, ás que ademais hai que sumarlles a contía derivada das declaracións complementarias.

Todo isto deriva da enorme confusión existente entre os propios xubilados á hora de saber da súa obriga ou non de facer a declaracións, ao que hai que engadir nalgúns casos, tal e como denuncian varios afectados e afectadas dunha insuficiente e errónea información tanto por parte de entes privados como incluso de entes de carácter público.

Por outra banda, tal e como se demostra nos últimos tempos, sempre son os máis desfavorecidos e as persoas con menos recursos económicos os que están sendo perseguidos e vixiados mentres vemos todos os días como hai persoas que defraudan á facenda pública con contas en Suíza ou noutros paraísos fiscais, cobran sobresoldos que non declaran, agachan ingresos e/ou beneficios económicos deliberadamente, ou poden acollerse a unha amnistía fiscal, etc. e non lles pasa absolutamente nada. Non obstante acosan e perseguen a milleiros de pensionistas que estiveron emigrados moitos anos da súa vida para poder sacar a súa familia adiante; e, desgraciadamente, moitos destes pensionistas afectados xa foron estafados anteriormente polas preferentes e as subordinadas.

Ante esta situación, que está xerando unha grave alarma nas persoas pensionistas e dado o elevado número de emigrantes que tivemos e volvemos a ter en Galicia, o Grupo Provincial Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

A Deputación Provincial da Coruña insta a Xunta de Galicia a:

Que tendo en conta as actuais circunstancias de recesión económica, os altos niveis de desemprego e o empobrecemento das familias, moitas das cales dependen para a súa supervivencia dos ingresos mensuais destes pensionistas nos seus fogares, solicitar do Goberno de España que na inspección que se está dirixindo

por parte da Axencia Estatal da Administración Tributaria a pensionistas que teñen pensións do estranxeiro adopte as seguintes medidas:

1. Regularizar a situación dos pensionistas sen consideralos como defraudadores fiscais, ofertando información pormenorizada e homoxénea das súas obrigas fiscais.
2. Habilitar, para o caso de que teñan que afrontar pagos polas súas declaracións complementarias, períodos de pagamento máis longos que os estipulados habitualmente, a prol de evitar un quebranto económico nas unidades familiares destes pensionistas.
3. Eximir, de ser legalmente posible, do pago de sancións e xuros de mora a aqueles pensionistas que regularicen a súa situación fiscal.”

Sr. Presidente

A continuación hai unha moción presentada por vía de urxencia por parte do Grupo Popular, en relación ao cambio de data do Pleno de mes de novembro, igual que fixemos o ano pasado, o que corresponde por tanto, como non hai explicación necesaria, creo que en primeiro lugar é a votación da urxencia e, en segundo lugar da moción. Non imos explicar máis que é o cambio de data da celebración do Pleno.

Apróbase a urxencia por unanimidade e tamén por unanimidade apróbase a seguinte moción:

MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PRESENTADA NO PLENO DO 25 DE OUTUBRO DE 2013 SOBRE O CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DE NOVEMBRO DE 2013

Don Manuel Santos Ruiz Rivas, voceiro do Grupo Provincial Popular da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que convén garantir que a tramitación dos presupostos da Deputación remate o antes posible, de xeito que os devanditos presupostos poidan entrar en vigor coincidindo co inicio do exercicio 2014, o que resultaría moi difícil ou imposible de celebrarse o próximo Pleno na data prefixada do día 29 de novembro.

Polo tanto, e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 29 de xullo de 2011; resultando obvia a urxencia do asunto pola necesidade de que o acordo plenario se adopte nesta sesión de outubro de 2013 segundo resulta das consideracións anteriores,

PROPÓN AO PLENO, logo da declaración de urxencia previa, consonte co disposto nos artigos 71.3 e 65.4 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao mes de novembro de 2013 celebrárase o día 22 de novembro, venres, a partir das doce horas”.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Regueira Varela

Había unha moción máis presentada, supoño que estaría xa a convocatoria feita, agardo que se poida incluír no próximo Pleno, e trasladarlle tamén á Presidencia as miñas desculpas, que o apresurei coa sinatura de urxencia dun convenio no último Pleno que, a pesar de que eu non o sabía, xa estaba asinado o 30 de agosto.

Sr. Presidente

Moitas grazas, efectivamente, era simplemente como non tiña, pola lectura mesma, non había unha data concreta para que fose aprobada, propuxémoslle que fora para o seguinte Pleno, e grazas por esa anotación que como vostede viu aquel día eu tampouco estaba seguro de telo asinado porque asinamos e xa non me lembraba se o tiñamos asinado ou non, aínda que eu cría que si, pero ben, moitas grazas de todos os xeitos.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e quince minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.